

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8**

### **SESION EXTRAORDINARIA 2 DE MAIO DE 2014**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos.  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día dous de maio do ano dous mil catorce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o

Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiras/os, iniciamos o Pleno do Concello número 8 en sesión extraordinaria convocado para do día de hoxe as nove horas neste salón de Plenos, por orde do día de 24 de abril que obra en poder das señoras/es concelleiros. Constatamos quórum, ábrese sesión pública, procedemos co desenvolvemento da orde do día.

O Pleno consta de dous puntos que por lei ten que ser así, e polo tanto faremos como en ocasións anteriores, os dous fanse de forma conxunta, nun debate de forma conxunta. Está acordado cos tres voceiros dos grupos o desenvolvemento do debate que será da seguinte forma: faremos unha primeira quenda de intervencións de quince minutos extensible a vinte, improrrogable de vinte por cada un dos tres grupos municipais. Iniciará como corresponde o voceiro do Goberno, seguirán os grupos de menor a maior, Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular, a continuación desta primeira quenda de quince minutos prorrogables ata vinte minutos, faremos unha réplica de cinco minutos, iniciará o Goberno e seguiremos co Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular, e rematará o Goberno con intervención final de tres minutos. Iniciamos o debate.

### **1(73).- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 27/142 (875/1101).**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do 2 de abril, número de Rexistro do Pleno 875/1101, a concelleira delegada de Economía e Facenda, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte proposta:

“O Proxecto de Orzamentos do ano 2014, escomenzou o proceso de formación como tódolos anos, coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. Os marcos orzamentarios remitidos ao MINHAP, para o período 2014-2016 e 2015-2017, dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión do 28/10/2013 e 31/03/2014 respectivamente, marcan o

contexto xeral no que se teñen que formar. Polo tanto, o criterio está delimitado polos marcos orzamentarios remitidos e pola Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB), fixada cun crecemento para o período 2014-2016, no 1,5%, 1,7% e 1,9% respectivamente.

Como criterio máis salientable do anteproxecto, e tendo en conta a TRCPIB, está o control do gasto que ven sendo unha norma nestes últimos anos, véñense adoptando medidas de contención do gasto voluntario e operativo, incrementando as dotacións que teñen o seu emprego en programas sociais, educación, benestar social e emprego, aínda que neste orzamento, refórzanse aínda máis as dotacións a creación de emprego e aos programas sociais. En canto aos servizos públicos básicos, no só se mantén o incremento feito no ano 2013, senón que ten un crecemento.

O Proxecto está artellado igual que nos tres últimos anos, nun contexto económico de nulo crecemento, aínda que, as previsións dun crecemento do 0,7 por 100 do PIB previsto para o ano 2014, aínda que hai fontes que xa están a prever un 1,2%, non vai a ter efecto algún sobre os recursos da Entidade Local, onde os ingresos non financeiros locais apenas teñen variación positiva en relación co ano anterior. En canto os impostos e taxas asociados a actividade manteñen a dotación do ano anterior. Se se ten en conta a totalidade dos recursos non financeiros, a variación entre o ano 2013 e o previsto para o ano 2014, é do 0,45 por 100.

En canto á cesión dos tributos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento, as previsións notificadas non melloran en relación cas do ano anterior en termos netos, é dicir, unha vez deducidas as compensacións pola liquidación negativa da PTE dos anos 2008-2009.

Hai unha minoración no Fondo Complementario de Financiamento do 3,51 por 100. No entanto, na mesma comunicación que fai o Ministerio de Facenda con data de Rexistro de Entrada do Concello 16/10/2013, se notifica unha liquidación positiva do Fondo Complementario correspondente ao ano 2012 de 2.451,06 mil euros. Non se comunica a liquidación da cesión de impostos por non estar rematado a cálculo ata o segundo trimestre do ano 2014. Pois, tendo en conta a cesión de impostos, que tamén ten unha baixa do 3,74 por 100, máis a minoración do FCF, a baixa total é do 3,54 por 100.

En canto a liquidación do FCF do ano 2012 pola contía de 2.451,06 mil euros, está a formar parte das previsións do ano 2014, xa que a súa contía ven sendo ingresada no segundo ano ao que corresponde a liquidación, é dicir, no ano 2014, polo que, se se engade a liquidación do ano 2012 á contía notificada dos ingresos a conta para o ano 2014, a perda tendo en conta todos os conceptos máis a liquidación, é do 0,22 por 100.

A transferencia da Administración Central ao Transporte Público colectivo mantén o ingreso do ano 2013.

En canto aos ingresos propios, os tipos impositivos non foron modificados, polo que hai unha baixa en termos reais da presión fiscal do 1,4 por 100, por iso, non hai variación perceptible dos recursos propios. O Capítulo I crece nun 0,53%, no capítulo II, a baixa é dun 3,67% e o capítulo III, o incremento é dun 0,57%.

En canto a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, mantéñense as achegas do ano precedente, criterio que tamén se está a adoptar para as axudas a Drogodependencia e o Servizo de Axuda no Fogar. As previsións contidas no proxecto do orzamento, son as comunicadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Facenda o 28/01/2014.

Non hai previsión de subvención ou transferencia de capital doutras administracións no Proxecto do Orzamento en trámite, polo que, si houbo acordos sobre este tipo de achegas, entrarían no orzamento por modificación de créditos nos estados de gastos, non computando as mesmas aos efectos da Regra de Gasto por tratarse de financiamento afectado doutras administracións.

Artellado o expediente que conforma o Orzamento Xeral para o ano 2014, que está integrado polo da propia Entidade e os Organismos Autónomos Administrativos dependentes, e visto, que o mesmo está completo e axústase ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, comprobado que a súa elaboración axústase ás directrices dadas, comprobado que as dotacións que nel figuran cobren todos os contratos e prestacións necesarias para o bo funcionamento dos servizos e quedando recollidos a totalidade dos compromisos, en uso das competencias que me foron delegadas pola Resolución da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013, propónse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

a) Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2014, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Proxecto de Orzamentos por Áreas de Gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	7.852.074,46	7.852.074,46
1	115.725.914,94	115.392.343,88
2	19.135.266,68	19.135.266,68

3	34.020.689,93	36.753.359,97
4	15.381.029,28	15.381.029,28
9	33.575.780,20	33.575.780,20
<b>Total</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,47</b>

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente<sup>1</sup>

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	58.906.358,70	67.151.826,18	I	102.241.340,00	102.241.340,00
II	107.182.711,49	114.417.857,15	II	6.501.120,00	6.501.120,00
III	1.063.719,00	1.063.749,00	III	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	39.125.482,62	25.907.876,56	IV	71.116.818,09	69.495.611,58
V	200.000,00	200.000,00	V	3.180.000,00	3.237.323,17
<b>TOTAL G.Co.Op. NF</b>	<b>206.478.271,81</b>	<b>208.741.308,89</b>	<b>TOTAL I.Co.Op.N F</b>	<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VI	10.846.071,96	11.331.016,22	VI		
VII	965.056,26	546.133,42	VII	,00	,00
<b>TOTAL G.Cp.Op. NF</b>	<b>11.811.128,22</b>	<b>11.877.149,64</b>	<b>TOTAL I.Cp.ONF</b>	<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>TOTAL G.Op.NF</b>	<b>218.289.400,03</b>	<b>220.618.458,53</b>	<b>TOAL I.Op.NF</b>	<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VIII	601.000,00	671040,48	VIII	600.000,00	670.040,48
IX	6.800.355,46	6.800.355,94	IX	6.800.000,00	6.800.000,00
<b>TOTAL G.Op.Cp. F</b>	<b>7.401.355,46</b>	<b>7.471.396,42</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.F</b>	<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>TOTAL G.Op.Cp.</b>	<b>19.212.483,68</b>	<b>19.348.546,06</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.</b>	<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>T.XERAL GASTOS</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,95</b>	<b>T.XERAL INGRESO</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>228.166.983,09</b>

1 Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai aos OO.AA, e os ingresos que éstes fan á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

## Proxecto de Orzamento dos Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.650.400,00		3.700.082,98		991.389,50		903.595,00	
II	5.220.881,16		1.201.363,98		244.448,88		568.451,64	
III		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	30,00	350.024,64
IV	29.164,52	5.564.152,62	1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	14.800,00	1.144.181,64
V		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
VI	60.000,00		378.251,42		18.922,84		27.770,00	
VII	,00	60.000,00		340.000,00	,00	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	9.000,00	9.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>7.984.486,16</b>	<b>8.061.614,78</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>1.266.761,22</b>	<b>1.266.761,22</b>	<b>1.523.646,64</b>	<b>1.523.646,64</b>

b) Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e aos seus Organismos Autónomos, coa excepción das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

c) Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

d) Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no parágrafo a).

e) Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

f) O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2014, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

Se a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 ou outra norma

de igual rango, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2014, procederáse a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

O Pleno da Corporación pronunciárase, previo acordo da Xunta de Goberno Local e ditame da Comisión Informativa, á proposta da Concellería Delegada de Facenda previo informe da Intervención Xeral Municipal”.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 4 de abril, acordou aprobar o proxecto de orzamentos para o ano 2014.

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, na súa sesión do día 8 de abril, estableceu o calendario para presentación de emendas e demais tramitación.

Durante o prazo establecido presentáronse as seguintes emendas ao proxecto de orzamentos municipais:

- Doc. 140044694 (870/1101) do Grupo municipal do BNG.
- Doc. 140044878 (872/1101) do Grupo municipal Socialista.

Con data 11 de abril o interventor xeral emite informe sobre o contido das emendas presentadas no seguinte sentido:

*“Normativa aplicable:*

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de habilitación de carácter estatal.

Lei 22/2013, de 23 de decembro, de dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 31 de maio de 2010.

Orde EHA/3565, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura do orzamentos das Entidades Locais.

### *Informe*

A Xunta de Goberno en sesión extraordinaria celebrada o día 4 de abril de 2014, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local para o ano 2014.

A Comisión de Orzamentos (Economía Facenda), en xuntanza celebrada o día 8 de abril de 2014, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais, poidan presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 04 de abril de 2014. O prazo fixado rematou o día 11/04/2014 ás 14,00 horas.

Esta Intervención Xeral, en cumprimento do previsto no artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, emitiu o informe preceptivo ao Orzamento de 2014 en data 03/04/2014, coa mesma data, en expediente separado, en cumprimento do previsto nos artigos 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria, asinou o informe sobre o cumprimento da Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como outro informe que forma parte do mesmo expediente, nº 102338/140, sobre o cumprimento da Regra de gasto, que serán enviados ao Pleno en expediente separado na mesma sesión na que se someta a debate o Orzamento.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente, facendo costar en cada caso, o número de rexistro e a data presentación das mesmas. As emendas foron presentadas polos grupos municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

En relación coas emendas presentadas, ao marxe da súa tipificación de parciais ou a totalidade do Proxecto, esta Intervención Xeral, vai a informar as mesmas co alcance que garanta que as mesmas están a cumprir con determinados límites-requisitos legais que de seguido se relacionan. Polo tanto, se informará para cada unha delas, se se cumpre:

a) Se a emenda altera o contido do informe de estabilidade orzamentaria emitido por esta Intervención Xeral, asinado o 03/04/2014, na que se avalía o cumprimento do proxecto presentado ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, de non ser así, non se axustaría ao contido da LOEOeSF, polo que terá que ser rexeitada.

b) Se a emenda altera as dotacións previstas para facer fronte aos custos dos contratos formalizados vixentes, que daría lugar a non cobertura do devengo



de obrigas que emanan dos mesmos, xerando ou podendo xerar a mesma, un desequilibrio no proxecto do orzamento, o que a faría ilegal.

c) Se a emenda está a propor un destino dos recursos que teñen a cualificación de afectados a outros empregos ou fins distintos dos previstos, polo tanto, estaríase a incorrer na tipificada malversación técnica dos recursos.

d) Se a emenda xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, de tal xeito que, os recursos non cubran os empregos, equilibrio este que debe manter o Proxecto que está en trámite. De non ser así, estaría a xerar un aforro neto negativo no proxecto.

e) Se a emenda pon ou pode por en risco, o funcionamento operativo dos servizos, de tal xeito que, non haxa capacidade para o funcionamento normal dos mesmos, pola merma que se está a facer das aplicacións afectadas a esta finalidade.

f) Se a emenda altera dotacións para gastos plurianuais por operacións de capital que están comprometidos e que, require un axuste nas anualidades, téndose que seguir o procedemento regulado no artigo 96 do RD 1098/2001 antes de adoptar un acordo sobre a proposta.

g) Se a emenda está a destinar recursos financeiros do préstamo (Capital financeiro) previsto no estado de ingresos, a empregos distintos do capítulo VI do estado de gastos, condición que se volvería ilegal, xa que o devandito recurso tan só pode ter ese destino.

h) Se a emenda cumpre co previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 31 de maio de 2010 e publicado no BOP nº 180 do 17 de setembro de 2010, é dicir, si está equilibrada, non alterando cuantitativamente o Proxecto dos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local.

i) Se a emenda non altera as limitacións da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, en relación co capítulo I do estado de gastos, de tal xeito que, non supoña dotacións adicionais ao mesmo.

j) Se a emenda está a propor un investimento xerador de gasto corrente sen que o mesmo este cuantificado e por tanto non garantida a sustentabilidade financeira do investimento prevista no artigo 4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

k) Se a emenda supón unha alteración dos gastos computables aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 12 da LOEOfSF en canto a Regra de gasto.

f) Se a emenda propón algún gasto para facer fronte a competencias que non están regulamentadas no artigo 25 da Lei 7/1985, Reguladoras das Bases de Réxime Local, coa modificación incorporada pola Lei 27/2013. En canto ao réxime de competencias, estarase ao contido o proxecto de Lei que o Parlamento de Galicia está a tramitar en relación co tratamento e interpretación que lle hai que dar ao previsto no artigo 25, 7 e 27 da Lei 7/1985.

Aos efectos de que esta Intervención emita informe, o Sr. Secretario do

Pleno, remitiu na última hora da mañá do venres 11/04/2014, unha copia das mesmas, sendo este o soporte documental sobre o que se está a emitir o informe.

Se a emenda prevé un número razoable de aplicacións a modificar, incorporaranse a este informe, en caso contrario, recollerase no informe aquelas aplicacións que non cumpren cos requisitos que son obxecto de fiscalización, facéndose referencia a emenda e ao seu número de rexistro da Secretaría do Pleno.

Se a emenda é única, e algunha/as das aplicacións que conforman a mesma non da cumprimento aos aspectos que son obxecto de fiscalización, terá a cualificación de rexeitada aos efectos legais no seu conxunto, todo elo, sen prexuízo do debate político sobre aceptación parcial ou non que se desenvolva no seo da Comisión ou en sede Plenaria.

#### EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Nº Rexistro 870/1101, data 11/04/2014.

No prazo fixado pola Comisión, a Voceira do Grupo Municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Iolanda Veloso Rios, presenta, co número de rexistro 870/1101, unha emenda.

O contido da mesma ten un carácter xenérico, na que se solicita un aumento das partidas dedicadas a servizos sociais, para garantir os dereitos básicos á alimentación, transporte ou a vivenda, facendo referencia a súa fundamentación na taxa de paro que alcanza o 22%.

Eliminación das partidas destinadas a aumentar os beneficios das empresas privadas como as compañías aéreas.

Diminución das partidas destinadas a propaganda e publicidade, quedando só aquelas destinadas á difusión dos servizos prestados e tarefas de sensibilización.

Eliminación das partidas destinadas a cubrir competencias doutras administracións.

Aumentar a dotación á creación de emprego e servizos sociais en 10 millóns de euros, que serán cubertos coa eliminación de gastos que non corresponden coas competencias municipais, gastos superfluos en propaganda ou que producen beneficios ás empresas privadas.

En relación coa emenda, o BNG, SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO ao departamento correspondente para a súa modificación atendendo aos criterios, que son os que en sínteses, se relacionaron.

En aplicación do ROP, a xuízo deste técnico, se podería cualificar como emenda a totalidade, xa que se solicita a devolución do Proxecto, aínda que, sen concreción.

No entanto, sen entrar a avaliar a cualificación da mesma, como parcial ou á totalidade, a súa tramitación é contido, ten que suxeitarse ao artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno.

O precitado precepto, regulamenta o réxime das emendas, establecendo que as mesmas, se son de creación ou aumento no estado de gastos, só serán admitidas, se propoñen baixas noutras partidas por unha contía igual que a que se propón de aumento.

O documento que se remite, non é posible informalo, por non reunir os requisitos que establece o ROP, para ter a cualificación de emenda, de tal xeito, que non especifica as aplicacións de baixa, nin as contías, polo que, hai que cualificala como unha posición política, que terá o debate que corresponda, pero non é unha emenda.

En consecuencia co anterior, ao non ser posible informala, rexeitase o documento presentado polo Bloque Nacionalista Galego, co número de rexistro 870/1101, por non ter a cualificación de emenda.

#### EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA

Nº Rexistro do Pleno 872/1101, data 11/04/2014.

No prazo fixado pola Comisión, o Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 872/1101 e data 11/04/2014, presentou emenda parcial, propondo aumentos-creación, baixas-diminucións, nas aplicacións que de seguido se relacionan.

Contido da emenda:

<b>Aplicación</b>	<b>Diminuír</b>	<b>Aumentar</b>	<b>Crear</b>
23104800000	25.000,00		
23104800011			25.000,00
23104890009	7.000,00		
23104800010			7.000,00
91202279900	15.000,00		
91204800005		15.000,00	
34102260901	125.000,00		
34104890002		125.000,00	
33404890008		30.000,00	
33302260900		14.304,00	
33404800000		10.000,00	
33804890008	22.500,00		
33804810000	5.000,00		

33402260600	2.500,00		
33304890000	6.000,00		
3340470005	10.000,00		
33304890001	8.304,00		
Total	226.304,00	194.304,00	32.000,00

## EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA

Nº Rexistro do Pleno 873/1101, data 11/04/2014.

No prazo fixado pola Comisión, o Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 873/1101 e data 11/04/2014, presentou emenda parcial, correspondente a racionalización e axuste organizativo e funcional de tres prazas dentro do capítulo I do estado de gastos, na que se pretende un axuste en prazas existentes. Tendo en conta a carga de traballo que soporta a Área de Servizos Xerais, estímase necesaria a racionalización da plantilla a través dos mecanismos legalmente procedentes e nas condicións previstas na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014

Prazas que son obxecto da racionalización por estar vacantes por xubilación.

Analista de laboratorio, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior, vacante por xubilación.

Arquitecto, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior, vacante por xubilación.

Enxeñeiro Técnico Industrial, subgrupo A2, escala Administración Especial, subescala técnica, clase media, vacante por xubilación.

Prazas xurdidas do proceso, creación na Área de Fomento.

Enxeñeiro de camiños canais e portos, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior.

Topógrafo, subgrupo A2, escala Administración Especial, subescala técnica, clase media

Enxeñeiro Industrial, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior

En canto a parte exclusiva da reorganización, xúntase o informe da Sr. Xefa de Recursos Humanos.

En canto a parte cuantitativa da emenda, supón unha baixa e un alta de créditos no capítulo I, sen producir alteración cuantitativa, si cualitativa. A diferenza, se imputa á aplicación 9220.1210300, cun suplemento de 11.666,47 euros.

En todo caso, antes de entrar na avaliación da emenda, hai que informar, que as prazas que xurdan do proceso de racionalización, non serán obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público nin de cobertura cun procedemento de interinaxe, xa que tales situacións, non se axustarían a Dereito. A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, no seu artigo 21, segue a manter a limitación á incorporación de persoal de novo ingreso, quedando reducida a “cero” a TRE, salvo as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os servizos básicos como a Sanidade, Educación, persoal adicado á loita contra o fraude fiscal, Policía Local, servizo de prevención e extinción de incendios, que se establece no 10 por 100 da TRE, computando nesta limitación os interinaxes.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima á que se refire o apartado anterior, aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario de 2013, deixaron de prestar servizos e o número de empregados fixos que se incorporaron no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non leven a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos, aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

Así mesmo, queda limitada a contratación de persoal laboral temporal, interino e persoal estatutario temporal aos supostos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, coas excepcións previstas no artigo 21 da LXOE para o ano 2014.

En relación co anterior, a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de marzo de 2012, aprobou as instrucións de aplicación das previsións contidas no Real Decreto Lei 20/2011, en materia de planificación e xestión dos recursos humanos na administración municipal de Vigo, delimitando entre outras materias, os servizos públicos esenciais.

En consecuencia co anterior, a emenda non vai ter efecto algún sobre o tratamento da plantilla, e só ten xustificación no liña de ir adaptando a Plantilla ou cadro de persoal, ás necesidades reais, de tal xeito, que cando o lexislador levante a limitación a contratación de novo persoal, ou amplíe a TRE a novos sectores e a maiores porcentaxes, a institución municipal, teña xa recorrido o camiño da racionalización, e tan só sexa necesario a aprobación das preceptivas OEP e a súa execución.

En consecuencia, parece ser razoable, ir estudando e tramitando os

procesos de reorganización e racionalización da plantilla, sempre tendo en conta as necesidades, os avances tecnolóxicos e a reestruturación de acordo a os novos tempos e demandas.

A reorganización que se propón na emenda, afecta a prazas vacantes por xubilación, aínda que non se incorpora unha memoria xustificativa na que se acredite que as mesmas, nos servizos que son obxecto da baixa, non son necesarios, aínda que nalgún dos casos, tamén estaría xustificada co novo mapa de competencias locais, e noutro, podería estar relacionado ou xustificado coa propia situación do sector inmobiliario. En relación co arquitecto, hai que dicir, que é unha praza da Entidade Local, non do Organismo Autónomo, polo que, cabe a posibilidade da súa reorganización.

Programa	Servizo	Número	Aplicación	Importe	
				Baja	Alta
1510	Arquitecto	1	1200000	14.677,32	
			1210000	9.774,80	
			1210100	17.763,62	
			1600000	12.960,23	
<b>Total</b>				<b>55.175,97</b>	
3130	Analista Laboratorio	1	1200000	14.677,32	
			1210000	9.774,80	
			1210100	17.763,62	
			1600000	13.234,63	
<b>Total</b>				<b>55.450,37</b>	
9222	Enxeñeiro Técnico Industrial	1	1200100	12.081,94	
			1200600	4.380,44	
			1210001	9.150,30	
			1210101	26.174,55	
			1600000	13.278,07	
<b>Total</b>				<b>65.065,30</b>	
1550	Enxeñeiro de Camiños, canais e Portos	1	1200000		14.677,32
			1210000		9.774,80
			1210100		17.763,62
			1600000		13.234,63
<b>Total</b>					<b>55.450,37</b>
1550	Enxeñeiro Industrial	1	1200000		14.677,32
			1210000		9.774,80
			1210100		17.763,62
			1600000		13.234,63

<b>Total</b>					<b>55.450,37</b>
1550	Topógrafo	1	1200100		12.906,52
			1210001		9.774,80
			1210101		17.763,62
			1600000		12.679,49
<b>Total</b>					<b>53.124,43</b>
<b>Total</b>				<b>175.691,64</b>	<b>164.025,17</b>
<b>9220</b>	<b>Fondo de adecuación, por axuste</b>		1210300		11.666,47

A fiscalización das emendas atendendo aos criterios que esta intervención considera obxecto da análise, se avalían tendo en conta se se cumpren ou non.

En calquera caso, as emendas supoñen un axuste de aplicacións orzamentarias, e nalgún caso, a creación de dúas aplicacións, que si ben non está expresado o concepto, correspóndense co bono-taxi e a Asociación contra o cancro.

En canto as do capítulo I, non hai incremento de gasto, como se está informando, correspóndese cun proceso de racionalización e organización da Plantilla.

<b>Alcance da fiscalización</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Altera o contido do informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, xerando un incumprimento da mesma.		✓
Altera as dotacións previstas para facer fronte aos custos dos contratos formalizados vixentes, xerando unha incapacidade para facer fronte as obrigas que xera o mesmo.		✓
Está a propor un destino dos recursos que teñen a cualificación de afectados a outros fins distintos dos previstos.		✓
Xera desequilibrios entre os recursos correntes non financeiros e os empregos correntes non financeiros, rompéndose o equilibrio entre recursos e empregos correntes.		✓
A diminución que se está a propor, está ou pode por en risco o funcionamento operativo dos servizos.		✓
Altera gastos plurianuais por operacións de capital que están comprometidos e que, require un axuste nas anualidades seguindo o procedemento previsto no artigo 96 do RD 1098/2001.		✓
Está a destinar recursos financeiros do préstamo previsto no estado de ingresos a empregos distintos do capítulo VI do estado de gastos, condición que se volvería ilegal, xa que o devandito recurso tan só pode ter ese destino.		✓
Cumple co previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, está equilibrada e non supón unha variación cuantitativa do proxecto aprobado.		✓

Altera as limitacións que o Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 en relación co capítulo I do estado de gastos.		✓
Está a propor un investimento xerador de gasto corrente sen que o mesmo este cuantificado e por tanto non garantida a sustentabilidade financeira do mesmo.		✓
Está a propor unha alteración do gasto computable aos efectos do cálculo da Regra de Gasto prevista no artigo 12 da LOEOeSF		✓
Está a propor un gasto para facer fronte a competencias que non están regulamentadas no artigo 25 da Lei 7/1985		✓

### *Conclusión*

A emenda presentada no prazo establecido pola Comisión de Economía e Facenda o día 08/04/2014, pola Voceira do Grupo Municipal do BNG, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Rios, co número de rexistro 870/1101, rexeitase por non ter a cualificación de emenda, non reunindo os requisitos que establece o artigo 98 do ROP, non sinalando nin establecendo as aplicacións concretas nin a súa cuantificación.

As emendas presentadas no prazo establecido pola Comisión de Economía e Facenda o día 08/04/2014, polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, números de rexistro 872 e 873/1101, ao Proxecto de Orzamentos para o ano 2014, cumpren cos requisitos de acordo ao previsto neste informe, polo que, poderían someterse a votación”.

Visto o anterior, o concelleiro delegado de Economía e Facenda (por delegación do 4.04.14), con data 11 de abril, emite a seguinte proposta:

“A Comisión de Orzamentos (Economía e Facenda), en sesión do día 8 de abril de 2014, en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais, puidesen presentar emendas aos Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 4 de abril de 2014.

O prazo fixado pola Comisión, rematou o día 11/04/2014 ás 14,00 horas.

Segundo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 98 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas.

No prazo fixado, a Voceira do Grupo Municipal do BNG, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Rios, co número de rexistro 870/1101, data 11/04/2014, presenta unha emenda.

Segundo o informe do Sr. Interventor, o contido da mesma ten una carácter



xenérico, en relación coa mesma, a voceira do BNG, SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO ao departamento correspondente para a súa modificación atendendo aos seguintes criterios:

Solicita un aumento das partidas dedicadas a servizos sociais, para garantir os dereitos básicos á alimentación, transporte ou a vivenda.

Eliminación das partidas destinadas a aumentar os beneficios das empresas privadas.

Diminución das partidas destinadas a publicidade.

Eliminación das partidas destinadas a cubrir competencias doutras administracións.

Aumentar a dotación a creación de emprego e servizos sociais en 10 millóns de euros.

No prazo fixado, o Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 872/1101 e data 11/04/2014, presentou emenda parcial, propondo aumentos, baixas-diminucións, nas aplicacións que de seguido se relacionan.

Contido da emenda:

<b>Aplicación</b>	<b>Diminuír</b>	<b>aumentar</b>	<b>Crear</b>
23104800000	25.000,00		
23104800011			25.000,00
23104890009	7.000,00		
23104800010			7.000,00
91202279900	15.000,00		
91204800005		15.000,00	
34102260901	125.000,00		
34104890002		125.000,00	
33404890008		30.000,00	
33302260900		14.304,00	
33404800000		10.000,00	
33804890008	22.500,00		
33804810000	5.000,00		
33402260600	2.500,00		
33304890000	6.000,00		
33404700005	10.000,00		
33304890001	8.304,00		
Total	226.304,00	194.304,00	32.000,00

No prazo fixado pola Comisión, o Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 873/1101 e data 11/04/2014, presentou emenda parcial, correspondente a racionalización e axuste organizativo e funcional de tres prazas dentro do capítulo I do estado de gastos, na que se pretende un axuste en prazas existentes. Tendo en conta a carga de traballo que soporta a Área de Servizos Xerais, estímase necesaria a racionalización da plantilla a través dos mecanismos legalmente procedentes e nas condicións previstas na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014.

Prazas que son obxecto da racionalización por estar vacantes por xubilación.

Analista de laboratorio, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior, vacante por xubilación.

Arquitecto, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior, vacante por xubilación.

Enxeñeiro Técnico Industrial, subgrupo A2, escala Administración Especial, subescala técnica, clase media, vacante por xubilación.

Prazas xurdidas do proceso, creación na Área de Fomento.

Enxeñeiro de camiños canais e portos, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior.

Topógrafo, subgrupo A2, escala Administración Especial, subescala técnica, clase media.

Enxeñeiro Industrial, subgrupo A1, escala Administración Especial, subescala técnica, clase superior.

O informe do Sr. Interventor Xeral de data 11/04/2014, ten a seguinte conclusión:

A emenda presentada no prazo establecido pola Comisión de Economía e Facenda o día 08/04/2014, pola Voceira do Grupo Municipal do BNG, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Rios, co número de rexistro 870/1101, ao Proxecto de Orzamentos do ano 2014, rexeitase por non ter a cualificación de emenda, non reunindo os requisitos que establece o artigo 98 do ROP, non sinalando nin establecendo as aplicacións concretas nin a súa cuantificación.

As emendas presentadas no prazo establecido pola Comisión de Economía e Facenda o día 08/04/2014, polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, co número de rexistro da Secretaría do Pleno, 872/1101 e 873/1101, de data 11/04/2014, ao Proxecto de Orzamentos para o ano 2014, cumpren cos requisitos de acordo ao informe.

En consecuencia, propónse a Comisión de Economía e Facenda, o seguinte ditame:

PRIMEIRO.- Rexeitar a emenda-escrito presentado pola Voceira do Grupo Municipal do BNG, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Rios, co número de rexistro 870/1101, data 11/04/2014, por non ter a cualificación de emenda, non reunindo os requisitos que

establece o artigo 98 do ROP, non sinalando nin establecendo as aplicacións concretas nin a súa cuantificación.

SEGUNDO.- Aprobar a emenda presentada polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, co número de rexistro da Secretaría do Pleno 872/1101 e data 11/04/2014, propondo aumentos, baixas-diminucións, nas aplicacións que de seguido se relacionan.

Aplicación	Diminuír	Aumentar	Crear
23104800000	25.000,00		
23104800011			25.000,00
23104890009	7.000,00		
23104800010			7.000,00
91202279900	15.000,00		
91204800005		15.000,00	
34102260901	125.000,00		
34104890002		125.000,00	
33404890008		30.000,00	
33302260900		14.304,00	
33404800000		10.000,00	
33804890008	22.500,00		
33804810000	5.000,00		
33402260600	2.500,00		
33304890000	6.000,00		
3340470005	10.000,00		
33304890001	8.304,00		
Total	226.304,00	194.304,00	32.000,00

TERCEIRO.- aprobar a reorganización- racionalización da plantilla que afecta ás seguintes prazas, tendo sempre en conta as limitacións que figuran no informe do Sr. Interventor.

Situación	Categoría	Subgrupo	Escala	Subescala	Clase	Vacante
Baixa	Anal. Laboratorio	A1	Ad. Especial	Técnica	Superior	Xubilación
Baixa	Arquitecto	A1	Ad. Especial	Técnica	Superior	Xubilación
Baixa	Enx.Tec.Industrial	A2	Ad. Especial	Técnica	Media	Xubilación
Alta	Enx. camiños	A1	Ad. Especial	Técnica	Superior	
Alta	Enx. Industrial	A1	Ad. Especial	Técnica	Superior	
Alta	Topógrafo	A2	Ad. Especial	Técnica	Media	

CUARTO.- Aprobar os axustes dentro do capítulo I do estado de gastos que se relacionan de seguido, que resultan da aplicación da emenda.

Programa	Servizo	Número	Aplicación	Importe Baixa/Alta	
1510	Arquitecto	1	1200000	14.677,32	
			1210000	9.774,80	
			1210100	17.763,62	
			1600000	12.960,23	
<b>Total</b>				<b>55.175,97</b>	
3130	Analista Laboratorio	1	1200000	14.677,32	
			1210000	9.774,80	
			1210100	17.763,62	
			1600000	13.234,63	
<b>Total</b>				<b>55.450,37</b>	
9222	Enxeñeiro Técnico Industrial	1	1200100	12.081,94	
			1200600	4.380,44	
			1210001	9.150,30	
			1210101	26.174,55	
			1600000	13.278,07	
<b>Total</b>				<b>65.065,30</b>	
1550	Enxeñeiro de Camiños, canais e Portos	1	1200000		14.677,32
			1210000		9.774,80
			1210100		17.763,62
			1600000		13.234,63
<b>Total</b>					<b>55.450,37</b>
1550	Enxeñeiro Industrial	1	1200000		14.677,32
			1210000		9.774,80
			1210100		17.763,62
			1600000		13.234,63
<b>Total</b>					<b>55.450,37</b>
1550	Topógrafo	1	1200100		12.906,52
			1210001		9.774,80
			1210101		17.763,62
			1600000		12.679,49
<b>Total</b>					<b>53.124,43</b>
<b>Total</b>				<b>175.691,64</b>	<b>164.025,17</b>
<b>9220</b>	<b>Fondo de adecuación, por axuste</b>		1210300		11.666,47

QUINTO.- Facer os axustes de tipo técnico no Proxecto do Orzamento para recoller no ditame da Comisión as emendas ditaminadas favorablemente, facendo constar na proposta e nos estados do Proxecto o contido das emendas votadas que se someterá ao Pleno da Corporación.

A comisión informativa de Economía e Facenda, na súa sesión do día 22 de abril, ditaminou favorablemente a anterior proposta da concellería delegada.

Na sesión que tivo lugar o día 30 de abril, o Consello Social da Cidade tomou coñecemento do proxecto de Orzamentos.

DEBATE.-

SRA. SILVA REGO: Eu quero comezar cun poema titulado “Hombre preso que mira a su hijo” que escribía Mario Benedetti e cantaba Pablo Milanés e que di “realmente no sabían un cuerno, pobrecitos creían que libertad era tan solo una palabra aguda, que muerte era tan solo grave o llana y cárceles por suerte, una palabra exdrújula, olvidaban poner el acento en el hombre”.

Dos Orzamentos que hoxe presentamos podemos dicir que si, efectivamente poñen o acento na xente, nas súas necesidades e nas lexítimas esixencias que nos propoñen. Nestes tempos de dura crise, empobrecemento, de perda de dereitos e desemprego o Concello de Vigo pode e quere ocuparse dos problemas dos cidadáns, e a este obxectivo responde o Orzamento que presentamos. Son uns Orzamentos cun marcado carácter social, que apostan pola promoción da actividade económica e a creación de emprego, son uns Orzamentos que están elaborados para dar resposta ás demandas dos traballadores e das clases medias, das persoas con máis dificultades e necesidades, dos mozos e das mulleres que son os que máis sofren as consecuencias desta maldita crise. En definitiva, uns orzamentos pensados para as persoas, para as viguesas/es, un Orzamento que responde a tódalas demandas que a cidadanía nos propón. Nós, este Goberno, estamos permanentemente nas rúas de Vigo, entre a xente, escoitando e atendendo ás peticións dos nosos veciños. Neste Orzamento están contempladas ás demandas cidadás, por iso é difícil de comprender que alguén deixe de aprobalo, ao facelo está dándolle as costas ao que as viguesas/es queren que

fagamos, é un Orzamento social, o máis social do Concello de Vigo ao longo da súa historia, é o máis social de calquera outra administración nestes complicados tempos.

A gran maioría das administracións teñen reducido de forma drástica o gasto social, este Goberno non, todo o contrario, temos aumentado de forma moi substancial as partidas adicadas ás políticas sociais, ao mantemento dos dereitos da nosa xente, mentres outras administracións acernan os dereitos das persoas nós, este Goberno, aumenta cada ano os cartos que adica ás políticas que permiten manter unha sociedade cohesionada, onde se redistribúe a riqueza, onde se atende aos que menos teñen, sen deixar de promover políticas “keynesianas” que permiten xerar crecemento económico, actividade e creación de emprego.

Este é un Orzamento que ademais mira para o futuro, que pon a disposición dos máis xoves a oportunidade de formarse a través das bolsas de inglés, hai que ser moi ousado para cuestionar que as rapazas e rapaces de Vigo teñan a oportunidade de ir a Inglaterra a perfeccionar o coñecemento do idioma que permite moverse por todo o mundo, que abre portas á empregabilidade, que facilita o coñecemento e o estudo das ideas máis avanzadas da terra.

Permítanme que me deteña un pouco máis no sen sentido de cuestionar as bolsas de inglés, moitos dos que cuestionan estas bolsas mandan aos seus fillos a estudar inglés a Inglaterra, a Irlanda ou a Estados Unidos. Son conscientes do importante que é para os seus fillos, eles poden facelo, son profesionais liberais que teñen recursos económicos para que os seus fillos estuden idiomas nos países de fala inglesa, sorprende que cando este Goberno quere que esta sexa unha oportunidade para todos sexamos criticados. Estamos moi orgullosos desta decisión que é o sinónimo de igualdade de oportunidades, que é sinónimo de xustiza social, de futuro. Por iso, seguimos aumentando as partidas adicadas ás políticas sociais, seguimos con propostas, investimentos e proxectos que facilitan a actividade económica e crean emprego, apostamos por unha cidade con espazos dignos, con rúas que permitan a ocupación do espazo público pola xente, por unha cidade saneada e ben abastecida, por facilitar a mobilidade dos nosos concidadáns e tamén por asentar a Vigo na modernidade, asegurando o futuro, a educación e o coñecemento das nosas/os xoves onde se asentan as bolsas de inglés.

Calquera concello de Galicia e España quereda ter este Orzamento, pero só é

posible ter un Orzamento como o que hoxe presentamos se se ten sensibilidade social, férreos principios, valores e unhas contas que o permitan, e aquí é onde comezan os problemas, a maioría das administracións teñen serios problemas nas súas contas, e teñen que facer Orzamentos restritivos, nós, este goberno, non. Temos unhas contas saneadas e equilibradas e iso permítenos presentar un Orzamento social que favorece o crecemento económico e o emprego, que permite continuar no cambio radical da nosa cidade, que permite que fagamos fronte ás necesidades das persoas que menos teñen, que fai que sexamos unha das cidades que adica máis financiamento ás axudas ao transporte, que permite baixar impostos e facilitar así que os vigueses/as conten con máis recursos e un longo etc. A receita que aplicamos para poder incrementar o gasto social fundamentalmente pero tamén as restantes políticas é tan sinxela como inalcanzable para outras administracións, o baixo endebedamento do Concello de Vigo que permite liberar fondos para prestacións de servizos aos cidadáns, basicamente os máis necesitados deles. Centrándonos na cuestión do noso baixo endebedamento é bo que comprobemos o nivel de endebedamento con outras administracións territoriais, o gráfico por si só mostra con claridade porque podemos presentar un orzamento social e outros non, noutras administracións crece a débeda, na nosa baixa substancialmente.

Somos un Concello, polo tanto, coa menor débeda de España, somos un Concello que pode presumir de ter unhas contas saneadas e equilibradas, pero tamén o Concello de Vigo ten realizado un importante esforzo en adelgazar a súa estrutura administrativa mediante o incremento da súa eficiencia.

O decidido impulso ás novas tecnoloxías, a continua formación e reciclase do persoal do Concello, así non se pode.

PRESIDENCIA: Se continúan nesa actitude terei que mandar desaloxar ao Pleno, este é un acto democrático de concelleiras/os elixidos democraticamente, e vai continuar lle pese a quen lle pese.

SRA. SILVA REGO: O decidido impulso ás novas tecnoloxías, á continua formación e reciclase do persoal do Concello que non esquecemos e queremos agradecer, a adicación dos nosos traballadores favorecen enormemente esta redución de custos

sen mingua da calidade dos servizos, así a política de ingresos, de equilibrio nas contas e deficiencia é a que permite unha política de gastos profundamente social, si profundamente social. Esta gráfica que lles mostro reflicte o actuar dunha administración saneada economicamente, eficiente e que incrementa os fondos destinados ao servizo dos cidadáns.

O Concello de Vigo, segundo se pode comprobar na análise dos gastos adica os seus recursos de forma moi intensa ao gasto social, incrementa a área de gasto II, actuacións de protección e promoción social, nun 11,49% e a área III, produción de bens públicos de carácter preferente nun 4,57% e fai isto sen sacrificar as outras políticas, outros concellos dividen por dous, tres e catro o gasto social.

Pero non só dende o gasto fai política social o Concello de Vigo, como indicaremos ao referirnos ás partidas máis destacables, a conxelación dos tributos vai producir un alivio nas economías, principalmente nas máis desfavorecidas.

Analizando as diferentes partidas do Orzamento de gastos, podemos afirmar que, se produce unha diminución do custo da débeda, do custo financeiro e de devolución de préstamos, nun 33,77 % como se pode ver na gráfica, pasando de 11,3 millóns de euros no ano 2013 a 7,8 millóns de euros no 2014. Se analizáramos dende o 2008 pasou de 19 millóns de euros o gasto que había que adicar a débeda, a 7,8 millóns na actualidade e camiñamos decididamente cara a débeda cero. Os servizos básicos como saneamento, abastecemento, recollida e tratamento de residuos, servizos de extinción de incendios, seguridade e orde público, mantemento de xardíns, alumeadado público tamén teñen un crecemento de case o 1%, pero o que realmente medra son os fondos destinados a facer fronte ás políticas de protección e promoción social, na que se encadran os servizos sociais e o fomento de emprego. Ao fomento de emprego se destinan 5,5 millóns de euros, repito 5,5 millóns de euros, non coñezo outro concello que adique tanto, dende logo os gobernados polos que hoxe van votar en contra non o fan.

O crecemento nesta política en menos de tres anos foi do 100%, pasando de 2,6 millóns a 5,4 millóns, como é posible votar en contra da maior partida coñecida para a creación de emprego?

En canto ao crecemento do gasto en servizos sociais, en políticas de igualdade, pódese dicir que hai unha gran aposta por facer fronte a situacións de auténtica necesidade, a crise está a deixar a moitos cidadáns nunha situación de



marxinilidade económica e social. A variación nestas políticas ten un crecemento do 22,52%, cun aumento de 2,4 millóns, se o referíramos exclusivamente a políticas de benestar social a variación alcanzaría o 26%. Se se fixese análises da variación do gasto en políticas de benestar social dende o 2008, pasouse de 5,6 millóns a 11,5 millóns, un crecemento do 105,4% nos últimos tres anos, só en axudas a comedores sociais, bolsas de comedor, convenios con organizacións sociais, pasouse 1,5 millóns a 4,1 millóns, 167% de crecemento.

No Orzamento do 2014 hai unha dotación de dous millóns de euros para axudas para alimentos, alugueres e carencia enerxética, moita xente está a ter serias dificultades para a compra de alimentos, non se pode permitir que isto ocorra, por iso imos adicar 700.000 euros cunha tarxeta solidaria, coa tarxeta da dignidade, ademais outros 500.000 euros para comedores sociais e 700.000 para o albergue que puxo en marcha este goberno e outros non foron quen de poder facelo. Como se pode votar en contra desta medida? Como o van a explicar os do “non”? 700.000 euros para vivendas de aluguer, 150 vivendas a disposición dos que non poden facer fronte ao custe do alugueiro, non 40 vivendas 150, política de vivenda que destapa as mentiras de algúns. E 700.000 euros para que ninguén teña que decidir entre comer e pagar a luz ou o gas. Coñecen os que se opoñen a este Orzamento algún outro concello que lle adique tantos recursos? Non, non hai ningún outro que o faga, por que van votar en contra? E non queda aquí a nosa aposta polas políticas sociais, ademais hai un momento moi importante de becas de comedor nas escolas, pasamos de 600.000 euros a dous millóns no 2014, hoxe ningún rapaz queda sen beca, non hai listas de espera, cando outros gobernaban si había listas de espera. Como se opoñen agora a esta enorme subida, como o explican?

As anteriores non son as únicas políticas de gasto que creceron, tamén o fan Educación, Cultura e Deporte que medran nun 4,54% cunha variación de un 1,6 millóns, máis 1,5 millóns de gasto social. Os fondos destinados ás políticas de transporte para o transporte urbano colectivo medran nun 12,40%, máis de dous millóns de euros, estamos a falar dun custe de doce millóns de euros en transporte colectivo, escoitáronme ben, doce millóns de euros, unha cifra astronómica.

Como se sabe levamos dous anos coas tarifas de transporte urbano conxeladas para os usuarios do mesmo, nestes doce millóns están axudas para os

desempregados, os que aquí reclaman máis axudas non as aplican onde gobernan, onde gobernan non teñen axudas para o transporte, para os desempregados, esa é a diferenza entre uns e outros, nós aprobamos doce millóns de euros de axuda e conxelación de prezos, outros berran moito pero onde gobernan non o fan.

Tamén medran os fondos destinados a Comercio, Hostalería e Turismo como finalidade de promover a actividade económica e o emprego, nun 7,27%.

Polo tanto, estamos a facer e presentar un orzamento máis social, solidario, con incidencia no crecemento económico e no emprego e con menos fiscalidade, xa quixeran os que van votar en contra que onde gobernan se puideran dar estas cifras de políticas sociais, educativas, emprego e crecemento económico, o que presumirían!. Pero non poden facelo, o noso Orzamento, repito, é o máis social presentado nunca, e o máis solidario de compromiso social. Señorras/es concelleiros, nunca un goberno da cidade tiña presentado un orzamento tan axeitado ás demandas, necesidades e peticións das viguesas/es, un Orzamento claramente social, é innegable, só pode ser cuestionado isto que estou dicindo por aqueles que teñen que ocultar que os seus xefes de filas non lles deixan votar a favor. Como van explicar ás viguesas/es que votaron seis orzamentos e que non votan ao máis social de todos? Como van explicar que din non ás axudas de aluguer, ás partidas para facer fronte á pobreza enerxética que din non á tarxeta Visa solidaria? Como van explicar que non queren que os fillos/as das clases medias e traballadores podan ter becas de inglés e unha educación axeitada? Como van explicar que se negan ás axudas aos aeroportos cando o Sr. Domínguez foi o primeiro en dar axudas ás aéreoliñas? Como o van explicar?

Comecei cun poema de Benedetti e quero finalizar cun de Pondal.

PRESIDENCIA: Por moito ruído que fagan non van parar este Orzamento, ese partido político que está aí ao fondo manifestándose.

A esta cidade non a para ese partido político que está aí ao fondo manifestándose, por moito que berren e que se manifesten, convenientemente dirixidos por quen todos sabemos, que se oculta vergoñosamente. Continúe Sra. Silva.

SRA. SILVA REGO: Comecei cun poema de Benedetti e quero finalizar cun de Pondal, cun verso do noso himno galego, "Os bos e xenerosos a nosa voz entenden e con

arroubo atenden o noso ronco son, mais só os ignorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros non nos entenden, non". Os militantes do Bloque Nacionalista Galego non permiten que continúe Sr. Alcalde.

PRESIDENCIA: Garden silencio.

SRA. SILVA REGO: Vigo ten tido que pasar moitas veces polo abandono, pola incompreensión, pola negación, por unha mirada curta de Galicia que mirando só para o Norte esquecía a máis importante cidade de Galicia situada no sur, os bos e xenerosos sempre nos entenderon, os outros non. Forman parte deses outros os que aceptan ordes inxustas por estratexia política, pero Vigo sempre sae adiante das dificultades e teño que recoñecer que o Grupo Municipal do Partido Popular, entendeu que non podía estar do lado dos ignorantes, féridos e duros, que tocaba estar ao lado de Vigo, das viguesas/es.

Hoxe aprobamos un Orzamento social con maiúsculas e quero deixar claro que o Partido Popular non nos pediu nunca nin un só recorte social, outros que hoxe falan moito sen ningún contido, se que noutros orzamentos nos esixiron quitar as becas de inglés e os parques para nenos e vellos, eses outros si que nos pediron que se quitaran políticas sociais. Este é o Orzamento máis social da historia de Vigo e é incompreensible que algúns non o vaian votar, alá eles coa súa responsabilidade.

SRA. VELOSO RÍOS: Bos días a tódolos concelleiros/as e tamén a tódalas persoas da cidade de Vigo que queren estar hoxe aquí, neste Pleno de Orzamentos, militantes ou non de partido ou partidos políticos, protesten ou aplaudan, benvidos a todos/as.

Realmente nós estamos un pouco sorprendidos pola intervención da Sra. Silva, porque en primeiro lugar eu lamento que estea tan enfadada sendo como é hoxe un día histórico no que se vai aprobar o Orzamento cos votos de 24 concelleiros/as do Partido Socialista e do Partido Popular e que centrarse a súa intervención máis que en explicar os orzamentos, non intentar convencernos aos concelleiros/as do Bloque Nacionalista Galego senón en abroncarnos por non aprobar os orzamentos e insistir en como imos explicar por que non aprobamos estes orzamentos. Creo que o goberno hoxe o que debería era explicar como van aprobar estes orzamentos co

apoio do Partido Popular neste acordo insólito, inédito na nosa cidade e realmente pouco habitual, en ningún lado do país no que o Partido Socialista e o Partido Popular chegan a un acordo para aprobar uns orzamentos municipais. Tan inédito é insólito que chegamos a escoitar neste Concello como o Partido Socialista cualifica de bos e xenerosos ó Partido Popular dos recortes, e o Partido Popular que castigou e castiga a esta cidade coas súas políticas dende o Goberno do Estado e dende o Goberno da Xunta de Galicia, realmente é para sorprenderse o día de hoxe si que vai ser realmente histórico.

Este Pleno para aprobar os orzamentos cun acordo entre dúas forzas políticas, se que é certo que non é algo pouco habitual senón que é o habitual neste concello, porque ademais hai que lembrar que o Goberno está gobernando en minoría e necesita o apoio doutra forza política para aprobar os orzamentos. Así foi en anos anteriores onde se chegou a un acordo entre o Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego para aprobar os orzamentos, que non eran nin máis nin menos histórico que neste caso, por ser un acordo entre dúas forzas políticas pero diferente é evidentemente que o Partido Socialista está pactando cunha forza de dereitas, a forza dos recortes, a forza política que está castigando á cidadanía dunha maneira absolutamente cruel en certos casos.

Cando pactábamos o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Popular cualificaba ese tipo de acordos, e quero lembrar as palabras do Sr. Figueroa o ano pasado, cando se aprobaron os orzamentos para 2013, que dicía “os orzamentos son froito dun “teatrillo” e dun “paripé” entre socialistas e nacionalistas”, por certo daquela o Sr. Figueroa auguraba que o goberno local recuperaría a partida das bolsas de inglés, efectivamente, o Goberno local dende un primeiro momento quería recuperar a partida das bolsas de inglés e foi apoiado polo Partido Popular. Unha partida, quero lembrar, que dedica unha boa parte dos recursos a financiar a viaxe a Inglaterra, precisamente dos fillos/as deses profesionais liberais dos que vostede falaba. Uns recursos que se dedican a financiar a viaxe a Inglaterra de moitos fillos/as de familias que poden ter ingresos de 60.000 euros ao ano e que están sendo financiados cos impostos tamén dos traballadores/as, porque cada quen é moi libre de enviar os seus fillos/as, se pode permitirse pagalo, a estudar inglés, francés ou chinés, igual que calquera que se poida permitir pagalo pode ir operarse a unha clínica privada, por suposto, pero cos

recursos públicos o que hai que defender son os servizos públicos e o que hai é que repartir de maneira xusta os recursos públicos, na mesma maneira que cando falamos de ingresos públicos e cando falamos de fiscalidade non se trata de rebaixarlle os impostos a todo o mundo igual, así como fai o Partido Popular que llos sobe a todo o mundo igual. Están vostedes pactando a conxelación dos impostos e taxas municipais coa forza que lles sobe o IVE a todos/as, e que nos fai a todos/as pagar máis polo material escolar.

De feito, hai un ano o problema para o Partido Popular era que subían as multas de tráfico, non sabemos se agora a partires de este acordo van baixar as multas de tráfico.

Daquela, o Bloque Nacionalista Galego propuxo unha serie de emendas ao proxecto de orzamentos que presentaba o Partido Socialista, cando propuxemos esas emendas dixémolo moi claro, o proxecto de Orzamentos que presentaba o Partido Socialista era un documento de dereitas, que foi modificado considerablemente gracias ás emendas do Bloque Nacionalista Galego. As emendas do BNG tiñan como obxectivo fundamental aumentar o investimento en emprego, os recursos sociais, introducimos unha partida de 3.200.000 euros para un Plan Social contra a crise, modificamos os investimentos realizando emendas para que se constrúisen tres escolas infantís nesta cidade, que por certo xa están iniciadas algunha delas gracias precisamente a que o Bloque Nacionalista Galego introduciu esas emendas. Daquela o Partido Popular introducía tamén propostas que non logrou incluír, como achegas para o hospital e a Cidade da Xustiza, que daquela o Partido Socialista non aceptou pero agora si acepta. Porque estamos precisamente fronte a un pacto insólito, nós daquela dixemos que ese documento era un documento de dereitas, introducimos emendas para transformalo dunha maneira importante, pero tamén dixemos que non era un cheque en branco. O Partido Socialista na execución dos Orzamentos, demostrou non crer nesas políticas de esquerdas, apostar polas políticas de dereitas porque si, este goberno está demostrando que é de dereitas, e por iso e posible pactar co Partido Popular.

Nós non estabamos dando un cheque en branco, e viamos vir xa ao longo do ano pasado que o Partido Socialista non estaba aplicando políticas de esquerdas. No mes de outubro, deberíamos de contar cun proxecto de Orzamentos como contaramos nos anos anteriores, pero no mes de outubro do ano pasado non

estabamos contando cun proxecto de Orzamentos, no mes de outubro cando o Bloque Nacionalista Galego estaba reclamando que se pagase dunha vez o Plan Social contra a crise, que aínda non estaba resolto e non estaba ofrecendo recursos ás familias que máis o necesitaban neste cidade, no mes de outubro o Partido Socialista e o Partido Popular estaban acordando darlle os cartos aos bancos, esa é a diferenza entre uns e outros. Daquela, vostedes estaban esquecendo o que se dicían no mes de maio hai agora un ano. Hai agora un ano, cando se estaba falando do informe de Tesourería deste Concello, do primeiro trimestre de 2013 do Sr. Fidalgo dicía “por moito que intenten aparentar unha boa xestión económica, vostedes non están para isto das contas, vostedes están para a foto, para o programa na televisión, o da radio, para a posta en escena, pero esquécense do que é importante que é xestionar eficazmente os cartos dos vigueses/as, xa ninguén os cre”, agora o Partido Popular si que os cre polo que se ve, e a Sra. Díaz contestaba “é certo os vigueses/as están sufrindo moito pero equivócase vostede de destinatario, están sufrindo pola diminución das bolsas de educación da Xunta de Galicia, polo aumento das listas de espera na sanidade por culpa da Xunta de Galicia, pola tardanza no servizo de asistencia domiciliaria pola diminución da Xunta de Galicia. Polo tanto, equivócanse vostede de destinatario, quen está traballando por esta cidade única e exclusivamente é o Alcalde, o Sr. Abel Caballero, que patea a cidade tódolos días e non coma vostedes”, como cambio o conto, un ano despois o Partido Popular xa confía no Partido Socialista, xa cre no Partido Socialista, xa chega a un acordo que non vimos reflectido en ningún documento, nin en ningunha manifestación pública conxunta.

O Partido Socialista xa está disposto a aprobar uns Orzamentos co partido que recorta a Sanidade, a Educación, as Axudas Sociais cos que aumentan os impostos, xa están dispostos a que os vigueses/as asumamos o custe dun hospital privatizado, xa están dispostos agora mesmo, e están moi preocupados de que o Bloque Nacionalista Galego explique porque vota en contra duns Orzamentos que recortan en servizos sociais, en creación de emprego que fan que asumamos custes que deberían estar asumindo as administracións gobernadas polo Partido Popular, porque vostedes non son quen de explicar porque están chegando a este pacto, non poden explicalo, nin sequera son quen de explicarllelo aos seus compañeiros de partido.

Tanto é así que realmente todo este proceso para chegar a este pacto de orzamentos desenvolveuse dunha maneira absolutamente escurantista, na que se fala dun documento, dunha serie de puntos de acordo que ninguén coñecemos, que non vimos, que non se fixo público e de feito, o proxecto de Orzamentos que debería ter estado en outubro como en anos anteriores non estivo ata o mes de febreiro e despois dese proceso de negociación mantívose practicamente igual sen que o Partido Popular presentase emenda ningunha, non presentou absolutamente ningunha emenda, sendo como era practicamente un proxecto idéntico ao presentado antes de todo o proceso de negociación. Quizais é que entre outubro e febreiro xa fora desenvolvéndose ese acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista que xa se fora materializando nunha serie de acordos nos que nós xa non participamos porque nós non podemos estar de acordo con que se lle dean os cartos aos bancos en vez de as familias, que se subvencionen billetes de avión en vez de billetes de autobús, con que os investimentos sexan unicamente para humanizacións.

Nós non podemos estar de acordo con que se impida o debate democrático das taxas e impostos desta cidade, nós non estivemos de acordo e xa durante todo ese tempo se foi materializando o achegamento entre o Partido Socialista e o Partido Popular, de feito foi un pouco sorprendente que na reunión do Consello Social da Cidade o Sr. Figueroa explicase que non houbera ningún tipo de xuntanza que non fose pública, que non houbo ningún tipo de conversa privada, “Excusatio non petita, accusatio manifesta”, dende logo nós vimos claramente que había un achegamento das posicións porque se materializaban neste Pleno, como chegaran vostedes a iso xa é cousa súa. Nós dende logo, cada vez que se presentou un proxecto de Orzamentos, presentamos as emendas publicamente, emendas que foron aceptadas polo Partido Socialista, que foron votadas polo Partido Socialista e que logo non foron executadas, porque a vostedes non lles gusta as propostas do Bloque Nacionalista Galego que converten os seus proxectos de orzamentos en orzamentos de esquerda, en orzamentos para todos/as. A vostedes non lles gustan, prefiren os Orzamentos que presentan vostedes de dereitas, e que agora lograron o apoio do Partido Popular, ese Partido Popular ao que vostedes acusaban ata agora de ser un partido que traballaba contra Vigo, e é certo traballa contra Vigo dende a Xunta de Galicia, dende Madrid e vostedes agora pactan e asumen esas políticas.

O Partido Socialista está asumindo as políticas de dereitas contra Vigo neste Concello e o Partido Popular corresponsabilízase das políticas e dos Orzamentos do Partido Socialista nesta cidade.

Logo supoño que para ter uns Orzamentos que respondan ás necesidades desta cidade, non, logo será para ter as fotos, como ben dicía o Sr. Fidalgo, as que buscan, porque o ano que ven vai haber moitas fotos, xa dixo o Sr. Figueroa, nesta cidade había que facer un hospital, da igual como se faga, se é un hospital privado faise igual, e o tempo xa nos dará ou quitará a razón e a xente que polo camiño quede sen servizo sanitario tamén xa nos dirá quen tiña razón. Vostedes agora aceptan iso, e cando o Partido Popular vaia a facerse a foto vai ir o Alcalde tamén a facerse a foto en campaña electoral ao hospital que ao final imos pagar tódolos vigueses/as, esa é en realidade a responsabilidade da que fala constantemente o Partido Popular que os move. O Partido Popular está insistindo en que chega a este acordo por responsabilidade, esa responsabilidade non a tivo o Partido Popular cando gobernaba e non aprobaba orzamentos. Eu quero lembrar que o Partido Popular estivo gobernando neste cidade prorrogando orzamentos ano tras ano, sen aprobalos orzamentos, daquela mesmo chegou a dicir que despois de estar gobernando a situación económica do Concello era mellor, sen ter orzamentos prorrogados, explíquenos agora porque dende a oposición teñen a responsabilidade de aprobar uns orzamentos cando vostedes gobernaban non os aprobaban, esa é realidade.

Responsabilidade que comezou cando deberíamos ter o proxecto de Orzamentos pero daquela nós estabamos reclamando que se pagase o cheque social contra a crise, vostedes estaban dándolles os cartos aos bancos.

PRESIDENCIA: Garden silencio. Sr. Alonso se lles di que pare de cantar seguimos.

SRA. VELOSO RÍOS: Isto tamén me lembra ao discurso do Partido Popular cando din que os posicionamentos sobre Educación dun lado son políticos e os deles non. Cando os posicionamentos sobre o aborto son políticos e os deles non, pois segundo vostede tamén os posicionamentos dunha parte do público son políticos pero os outros non, pois nós pensamos que si que tamén son políticos.

Eu podo admitir que o Alcalde como presidente deste Pleno me poida controlar o



tempo ou os contidos, pero tamén pediría aos concelleiros que non se metan nos contidos da miña intervención como eu non fixen nos contidos das intervencións doutras persoas.

Insisto, hai un ano nós estabamos facendo propostas para mellorar os orzamentos desta cidade, para aumentar os custes sociais, a creación de emprego, e facendo propostas para que os orzamentos desta cidade non fosen uns orzamentos de dereitas senón un orzamentos de esquerda, é dicir, para todos/as.

Nós estabamos reclamando no mes de outubro que se pagase o Plan Social contra a crise, que o Goberno Socialista non asumiu e non executou como tiña que facelo, mentres o Partido Socialista e Partido Popular estaban dándolle cartos aos bancos. Nós estabamos reclamando bono bus para as persoas desempregadas, mentres estaban aprobando subvencións para liñas aéreas, para que calquera persoa independentemente dos seus recursos, de onde viva, poida comprar billetes de avión máis caros. Nós reclamamos uns orzamentos diferentes, nós solicitamos que este proxecto de Orzamentos se volvese a elaborar aumentando en dez millóns de euros os cartos adicados aos servizos sociais e á creación de emprego, pero o Partido Socialista neste caso, chegou a un acordo co Partido Popular porque coinciden neste momento nas súas prioridades políticas, e o Partido Popular está apoiando a este Goberno para facer pagar aos vigueses/as o que eles non queren pagar dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno do Estado.

Efectivamente, tal e como nos dixó a Sra. Silva, nós imos votar en contra deste proxecto de Orzamentos, non nos conseguiu convencer evidentemente, porque estes non son os orzamentos que necesita a cidade, non o son. Estes non son os orzamentos que necesitan as familias desempregadas da nosa cidade que agora mesmo non teñen recursos porque ademais non hai apoio social dende ningunha administración. Nós non imos aprobar estes Orzamentos que pactaron o Partido Socialista e o Partido Popular.

SR. FIGUEROA VILA: Hoxe estamos nun dos Plenos máis importantes do ano porque estamos a debater a votación e aprobación do Orzamento, que é documento básico pola cal se rexen as políticas de calquera cidade, institución e por iso é un día importante porque dunha maneira especial este ano Vigo necesita ter uns orzamentos e nós queremos trasladarlle á cidadanía como se propuxo e fraguou

este acordo, e cal foi a motivación do Partido Popular, cal é o balance e lectura que facemos deste esforzo político.

As veces, cando un ten que tomar decisións importantes ten que analizalas con moito detemento, rigor e responsabilidade e nós así o fixemos, primeiro, escoitando á cidadanía, ao que nos dicían na rúa a xente na situación económica que se está a atravesar neste momento de crise e cunha cidade que ten 35.000 parados ten moitos problemas, e todos nos dicían sumar non enfrontaros, non buscar confrontación que non é boa para a cidade e bo buscar proxectos comúns e proxectos onde todos podamos estar de acordo. Iso foi o que intenta e fai o Partido Popular. Por responsabilidade con Vigo e cos vigueses nos imos votar estes orzamentos, tamén para que Vigo non se paralice polas confrontacións políticas, tamén para que tódolos proxectos claves para o futuro de Vigo saían adiante no menor prazo posible e dunha maneira especial porque os vigueses nos demandan que nos poñamos de acordo, que sumemos.

A min sorpréndeme a actitude dalgún grupo político que di que o Partido Popular é o partido dos recortes, da dereita, etc. Pero só lembrar o que pasou hai dez anos nesta cidade, o Bloque Nacionalista Galego, ese partido que critica agora ferozmente ao Partido Popular, deulle a Alcaldía ao Partido Popular, votou a unha alcaldesa do Partido Popular, cousa que naquel momento nós evidentemente agradecemos e ademais consideramos que era porque había un desgobierno.

Eu nas reunións do noso grupo municipal e no partido na Xunta Local do Partido da Cidade de Vigo, sabía hai tempo que o Bloque Nacionalista Galego non ía votar estes Orzamentos, non é unha cuestión do que traen os Orzamentos porque ao final se vostedes se decatan non faloron absolutamente para nada dos Orzamentos, faloron de todo menos dos Orzamentos.

Eu sabía que o Bloque Nacionalista Galego non ía votar e ía apoiar ao Partido Socialista nestes Orzamentos, por que? Porque quería acantoalos, porque quería facer chantaxe á cidade e porque quería que a cidade non tivera Orzamentos porque canto peor, mellor para eles. Pero aquí é onde nace a responsabilidade dun grupo político, onde nós entendemos dende o Partido Popular que esa chantaxe ou non querer orzamentos podía prexudicar claramente a esta cidade, aos vigueses/as. Por iso nós empezamos a trasladar unha mensaxe de que estabamos dispostos a tenderlle a man ao Alcalde e ao Goberno para aprobar os Orzamentos

do ano 2014 e explicarei por que, estes Orzamentos do ano 2014 son importantes para a cidade de Vigo e para o futuro da nosa cidade.

Nós, durante os dous últimos anos propuxemos máis de 900 iniciativas, si, tódolos días presentábamos unha iniciativa, unhas de maior contido outras de menor contido, outras máis importantes, outras menos importantes, pero desas 900 propostas que fixemos nos dous últimos anos, a través de roldas de prensa, de Plenos, de Comisións, de tódolos aqueles órganos que temos á disposición dende a oposición, de esas 900 propostas nós tiñamos a nosa forma de entender a cidade e por onde tiña que ir a cidade. Por iso, cando nos demos conta que o Bloque Nacionalista Galego quería prexudicar claramente e chantaxear ao Goberno, empezamos a pensar na posibilidade, a trasladar á cidadanía e á Corporación que queríamos tender a man para poder intentar falar dos Orzamentos e ante poñer os intereses de Vigo aos intereses partidarios de cada un dos nosos grupos, e así o fixemos, buscando consenso, cooperación e tamén non é agora que imos votar uns Orzamentos.

Nós, dende o Grupo Municipal do Partido Popular, vimos apoiando nos últimos meses e no último ano, propostas concretas e moi importantes que seguramente ao mellor para a cidadanía non ten a transcendencia ou non se visualiza, como foi a amortización anticipada de 16 millóns de débeda municipal. Isto é importante porque as políticas económicas teñen que ir nesa dirección, de amortizar débeda, de intentar ter a menos débeda posible e intentar buscar que a débeda sexa cero ao final dun período que cada un vai marcando segundo a situación económica que ten o Concello.

Niso, nós tamén sentímonos satisfeitos porque cando gobernamos aplicamos esta mesma política, como podería ser que nós non votásemos a amortización anticipada de débeda se cando gobernamos do ano 2003 ao 2007 amortizamos débeda, reduciuse o endebedamento de 108 millóns a 47 millóns, incrementáronse os remanentes de Tesourería de 28 a 63 millóns e fixéronse unha serie de obras importantes para esta cidade. Por suposto se a nós se nos propón dende o Goberno unha proposta concreta que coincide coas nosas formulacións políticas, temos que votala. Aquí fíxose durante este tempo unha serie de apoios que nós demos á Corporación, como foi as propostas para a solución de Peinador, unha modificación de crédito de 360.000 euros que nós votamos a pesares de que sempre tivemos

dúbidas sobre as subvencións que sexan o mellor para o Aeroporto de Peinador. Tamén se aprobou, que ninguén o dixo, un Plan de Inversións Municipal con cargo ó superávit de 5,9 millóns de euros, e aí hai obras importantes de humanizacións, reformas de Balaídos, de reforma dos campos de Samil e de Travesas e doutra serie de obras menores en tódalas parroquias da cidade de Vigo, creo que este Plan de Inversión Municipal, de preto de seis millóns de euros con cargo ao superávit, foi importante tamén para esta cidade.

Tamén apoiamos, cousa que non fixeron outros, as novas taxas para as obras subterráneas nas Ordenanzas Fiscais, creo que isto foi importante ao longo deste ano, e chega o momento clave de tratar a aprobación ou non dos orzamentos e nós entendiamos que si se cumprían unha serie de condicións que nós puxemos enriba da mesa, que evidentemente estabamos dispostos a votar a favor deste Orzamentos, que levamos loxicamente esta idea ao Partido, que eu agradezo que apoiara toda a Xunta Local ós propios concelleiros do Grupo Municipal e por suposto ao Partido en xeral, e sobre todo o que se escoitaba na rúa que eran as peticións.

*Óense berros e gritos do público asisten a sesión.*

PRESIDENCIA: Garden silencio.

SR. FIGUEROA VILA: Dicía que chegou un momento clave que é tratar a aprobación ou non dos Orzamentos. Nós tendemos a man ao Goberno que entendeu, despois de que o Bloque Nacionalista Galego dixera que non, a posibilidade de sentarse, de falar e dialogar. Si que é certo que houbo reunións dos compañeiros o Sr. Regades e o Sr. Fidalgo, eu quero aquí agradecer o traballo do meu compañeiro en nome do todo o grupo porque foi un traballo arduo, difícil, rigoroso, e creo que aí está este Orzamento que cumpre coas expectativas e cos compromisos que ten que ter unha cidade como Vigo no século XXI. Creo que a creación de emprego e un dos piares fundamentais deste Orzamento e por suposto tamén o apoio ás políticas sociais, culturais, deportivas desta propia cidade. Nós puxemos enriba da mesa unha serie de propostas que entendíamos que esta cidade necesitaba, pero que non foron propostas elixidas nos últimos meses, foron propostas que nós viñamos

propoñendo nos dous últimos anos, e así falamos de fiscalidade, de intentar conxelar os impostos, da rebaixa do 1,4% no IBI, rodaxe e lixo, do establecemento dun recibo fiscal único con pago diferido no tempo. En definitiva, queremos rebaixar os impostos aos cidadáns, aos vigueses/as iso é o que queremos.

Puxemos enriba da mesa o desbloqueo do transporte metropolitano, mesmo acordo que teñen outras cidades, que consideramos que é fundamental a mobilidade dentro da nosa área metropolitana. Falamos e puxemos enriba da mesa o recibo da auga que é unha cuestión controvertida dende hai moitos anos, onde se paga polos tramos e non polo consumo real, creo que isto é importante, que vai a beneficiar dunha maneira clara aos veciños/as. Falamos, por suposto, que o novo hospital ten que construírse, falamos tamén que ten que construírse a Cidade da Xustiza e xa en marcha un proceso para intentar ter uns ingresos para despois ser capaces de expropiar os terreos para que se constrúa a cidade da Xustiza. Falamos da reforma da administración local, é certo que nun principio falábamos de tódolos organismos autónomos pero tamén entendemos e despois de diversas conversas co persoal da Xerencia de Urbanismo, que era bo que a Xerencia de Urbanismo tivese un proceso máis lento pola complexidade que ten ese organismo e sobre todo por o número importante de traballadores que ten, pero si doutros organismos como o IMD, Artes e Oficios e Vigo Zoo. Sobre todo falamos de reformas fiscais para o futuro que se verán nas próximas Ordenanzas Fiscais. Pero fundamentalmente había dous temas primordiais que é a creación de emprego porque Vigo ten 35.000 parados e sobre todo o apoio ás políticas sociais da nosa cidade, á cultura, ao deporte e ao benestar e así nos deron unha serie de documentos. Así este Orzamento ten unha serie de características nas que nós, é certo como dicía a voceira do Partido Socialista, non só non puxemos ningunha condición para ningún recorte senón todo o contrario, facilitamos tódolos medios para que o apoio social fose unha das prioridades que ten este Goberno pero non só o social só o cultural, o deportivo, por que? Porque hai unha cantidade de movemento asociativo neste cidade importante que depende dos Orzamentos Municipais. Por iso falamos da débeda financeira que pasa de 11,3 millóns a 7,8 millóns, nós queremos que se vaia amortizando para conseguir o obxectivo de débeda cero.

Falamos do apoio ao gasto social con benestar e emprego que pasa de 14,4 millóns a 19,1 millóns, aí contéplase tamén neste Orzamento o estudo da nova tarifa,

polo que significa o estudo da nova tarifa de auga para os veciños/as de Vigo.

Tamén fala da axuda social a aluguer, alimentos, á carencia enerxética, un Plan de Emprego xuvenil, a axuda á creación de empresas, programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal, convenio de creación de Coworking, programa educativo Vigo por dentro, Plan de dinamización do comercio, Plan de promoción turística, estudo de transporte metropolitano e tamén un convenio de promoción no auditorio. Creo que estes son elementos fundamentais a parte da orixe do eixo que ten que ser a creación de emprego e o apoio ás políticas sociais.

Pero nós tamén tomamos unha decisión de apoiar a este Goberno porque entendemos que Vigo ten que ter un Goberno con estabilidade, porque entendemos que Vigo ten que ter un Goberno onde teña os apoios suficientes e non se de a Alcaldía e despois se deixe tirado ao que se lle da a Alcaldía, iso é un incoherencia.

A historia desta cidade dinos que cando estamos divididos, que cando non hai maiorías estables e que cando os grupos políticos poñen a Alcaldes e despois se desmarcan absolutamente, pasan cousas como nos últimos anos pasaron nesta cidade, nos últimos vinte anos e que todos lembramos que o primeiro cinto por falla de voto quedou paralizado en Castrelos, como o segundo cinto durou máis de dez anos para abril, como o Plan Xeral estivemos once anos para devolver a legalidade ao urbanismo de Vigo, como o Auditorio o Pazo de Congresos tardáronse máis de dez anos para que fora unha realidade, como o parque ofimático non existe nin existirá nunca, como a empacadora xerou unha batalla en Teis que non ten precedentes na súa historia, como o scalextric da rúa Lepanto tívose que construír e despois tirar etc. teño aquí unha relacións de incumprimentos e de cuestións que xeraron polémicas, enfrontamentos e confrontacións por non ter maiorías estables esta cidade, creo que iso é necesario, non sei de que maneira, se cambiando a Lei Electoral, se tendo cordura, coherencia ou se cando un pon a un Alcalde ten que apoialo tamén con tódalas consecuencias nos momentos bos e nos momentos malos, non só cando chegan as eleccións.

Estes son temas que xa pasaron, temos que mirar para o presente que é este Orzamento co que acabo de relacionar, pero sobre todo para un futuro dos próximos vinte anos, cinco, dez, quince anos que iso é o realmente nos ten que interesar aos que estamos agora aquí, temos que interesar que o AVE chega a nosa

cidade, que se poida construír unha instalación dunha estación moderna, a estación Intermodal, que o problema de Tax lease se resolva definitivamente con tódalas dificultades que tivo, que o naval siga crescendo e se poidan facer contratos para esta cidade, que a automoción siga sendo exemplo de como se fan as cousas nunha cidade como Vigo, que a depuradora se poña en marcha e se remate dunha vez polo que significa a rexeneración medio ambiental, que o Casco Vello de Vigo entre todos podamos rehabilitalo e teñamos un referente importante, que o transporte metropolitano o poñamos en funcionamento, que o hospital se poña a funcionar canto antes, e sobre todo unha cuestión importante que eu quero trasladar aquí como un dos eixes que vai seguir o Partido Popular que é o turismo, que significa o 12% do PIB da nosa provincia e é un sector que unido ao comercio teñen que dinamizar e revitalizar aos pequenos empregos e sobre todo aos pequenos autónomos como non podía ser doutra maneira.

Pero tamén temos que falar de institucións importantes que ese é o futuro e seguramente nos quedará pouco tempo, como é a Zona Franca que acaba de tomar unha decisión de montar un centro culinario e apoiar a PSA con máis de vinte millóns de euros nos próximos vinte anos, que iso significa carga de traballo e significa emprego para a nosa cidade. Por suposto o Porto que tamén, Alcalde así llo traslado, creo que hai que ter unha serie de contactos e buscar o consenso para que non existan esas diferencias que hai nestes momentos. Tamén por como exemplo, o que estamos a facer en Vigo co Partido Xudicial, onde todos estamos na mesma dirección, liña a pesares de diferencias e matices e creo que iso ten que funcionar, Vigo ten que funcionar de cara ao futuro, unidos traballando xuntos, buscando a máxima cooperación, a coordinación, os máximos apoios e intentando que este acordo sirva para que o presente e o futuro de Vigo sexa mellor.

SRA. SILVA REGO: Sra. Veloso asegúrolle que non estou nada enfada, estou encantada de poder defender o Orzamento máis social de toda a historia de Vigo, porque eu defendo a Vigo, aquí e en Madrid, sempre defendo a Vigo porque considero que é a cidade máis importante de Galicia, a única que pode permitir que Galicia poda saír da crise, con emprego e crecemento.

PRESIDENCIA: Garden silencio. Por moito que ese partido político intente parar este

Pleno non o vai conseguir, por moito que ese partido nun acto antidemocrático intente parar este Pleno non o vai conseguir. Ese partido político claro que está aí, intentando rebentar este Pleno, xa o están dicindo vostedes. Aquí manda a democracia, os votos, os cidadáns non mandan os gritos, os insultos e as imprecacións, manda a democracia e os votos dos cidadáns. Garden silencio. Non van paralizar a aprobación do Orzamento ese partido político antidemocrático. Claro que a CIG está aí, ese partido político está aí, rebentando un Pleno.

SRA. SILVA REGO: Sra. Veloso, a súa intervención estivo chea de falsidades, demagogia, intentando esconder que os seus xefes de Vigo e no norte, que non se sentan aquí, que non foron elixidos polos cidadáns dánlles ordes que vostedes teñen que cumprir. Voume levantar, Sra. Veloso isto é o que gasta o Goberno de Vigo en políticas sociais e isto o que Goberno do Bloque Nacionalista Galego que goberna en Pontevedra, o Goberno de Partido Socialista, pídalle vostede ao Sr. Lores, Alcalde do Bloque Nacionalista Galego que poña dez millóns de euros máis para políticas sociais e nin así conseguiría aproximarse ao que nós gastamos en políticas sociais. Vigo e Pontevedra isto ao que se refire ao conxunto do gasto, o gasto por habitante en políticas sociais Vigo, Pontevedra gobernado polo Bloque Nacionalista Galego, vostedes aquí veñen a defender o que non fan onde gobernan, non lles admito nin unha soa lección.

Sra. Veloso, cónteme por que cando gobernaban con nós votaban a favor das becas de inglés e parecíalles estupendo e agora o rexeitan, explíqueme por que Sra. Veloso agora votan en contra de axudas para o Aeroporto de Vigo e foi o Sr. Domínguez o primeiro que deu axudas ás aeroliñas para o Aeroporto de Vigo, explíquemo Sra. Veloso porque vostede non quere que a xente teña axudas para a alimentación, para vivenda, para gas, electricidade, explíqueme por que votou seis veces a favor do Orzamento deste Concello e hoxe que presentamos o máis social da cidade non o fai.

Non se pode vir aquí a pedir que se faga o que vostedes non fan onde gobernan, en Pontevedra, Alcalde do Bloque Nacionalista Galego non teñen axudas para o transporte para os desempregados. Isto é o que gastamos nós en gasto social, isto o Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra, demagogia Sra. Veloso.



PRESIDENCIA: Non van parar este Orzamento nin á cidade, ese partido político por moito que intente.

SRA. SILVA REGO: Vostede Sra. Veloso cuestiona un acordo para aprobar este orzamento pero, como dicía o voceiro do Grupo Municipal, vostede cala sobre os tres anos nos que gobernaron na sombra co Partido Popular nesta cidade, apoiando tódalas políticas que a Sra. Porro puxo en marcha, tres anos de cogoberno na sombra e agora falan de matrimonio? Non, matrimonio e moi ben avido tres anos. Sra. Veloso, a execución do Orzamento do 2013 foi preto do 100% e pactado con vostedes cada un dos procedementos, das partidas pactados con vostedes, e sabeo, vostede falla á verdade, vostede hoxe non está de lado dos bos e xenerosos, das viguesas/es, vostede está de lado dos que non entenden a Vigo, dos que nunca a entenderon.

SRA. VELOSO RÍOS: En primeiro lugar, a nós estanos chamandos a atención que o pacto entre o Partido Socialista e o Partido Popular chegue ata o punto de poñerse de acordo nas mentiras que din e en dicir que o Bloque Nacionalista Galego puxo a unha alcaldesa do Partido Popular nesta cidade, o BNG nunca votou unha alcaldesa.

PRESIDENCIA: Garden silencio. Seguen sendo os de antes os que falan Sra. Veloso, seguen sendo aqueles de alí, dígallo vostede Sra. Veloso.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego nunca votou unha alcaldesa do Partido Popular, o Partido Socialista expulsou ao BNG do goberno, manifestou daquela que era imposible traballar por esta cidade cos nacionalistas e o Partido Socialista, o Sr. Touriño preferiu a presidencia da Deputación de A Coruña á Alcaldía de Vigo, esa é a realidade. Nesta cidade gobernou o Partido Popular efectivamente que nunca aprobou uns Orzamentos pero xamais co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Agora póñense de acordo ata para mentir o Partido Popular e o Partido Socialista. O Partido Popular resumiu perfectamente cal é a situación o Sr. Figueroa xa dixo moi claro, o Partido Socialista presenta unha proposta que coincide coas nosas e temos que votala, resumiu perfectamente. O Partido Socialista e o Partido Popular

coinciden en aprobar uns orzamentos que non van servir para axudar á cidade porque se alguén paralizou esta cidade durante anos foron o Partido Socialista e o Partido Popular, constantes enfrontamentos entre as distintas administracións teñen grandes necesidades desta cidade absolutamente paralizadas.

Agora non chegan a un acordo para solucionaralo, agora están chegando a un pacto de silencio como noutras cuestións entre Partido Socialista e o Partido Popular, nesta cidade e neste país, hai un pacto de silencio porque cando o Sr. Figueroa di que non imos falar de quen tivo a responsabilidade en grandes proxectos desta cidade durante anos, así tampouco hai que asumir as culpas de quen non permitiu que se levasen adiante, así ninguén ten que asumir as culpas, nin as responsabilidades de grandes cuestións que afectan a esta cidade e a este país. Pactos de silencio que está mantendo o Partido Socialista e o Partido Popular e cuestións como o Porto Nodal da cidade de Vigo, como o accidente de Angrois, como a corrupción política nos concellos do noso país, agora materialízase nun acordo entre o Partido Socialista e o Partido Popular para chegar a unhas eleccións porque os discursos que estamos escoitando aquí, e podemos oír perfectamente a intervención do Sr. Figueroa, son discursos de eleccións. Están vostedes chegando a un pacto para utilizar os cartos dos vigueses/as con fins electoralistas, para facer a campaña, para facerse as fotos e repiten e repiten unha e outra vez que este é un Orzamento social e non o é, estanse recortando os investimentos en gastos sociais.

PRESIDENCIA: Garden silencio.

SRA. VELOSO RÍOS: En Pontevedra fala o Sr. Lores igual que en Pontevedra fala o Sr. Louro porque o Partido Socialista está gobernando en Pontevedra co Bloque Nacionalista Galego, fáganos un gráfico de cal é o investimento do Partido Socialista. Pero en todo caso aquí estamos falando de Vigo, se tanto lles importa Vigo falemos de Vigo e en Pontevedra falaremos de Pontevedra igual que vostedes no seu momento falaban de A Coruña cando falaban da Presidencia da Deputación de A Coruña.

Aquí temos que falar e responder cada quen do que fai, e vostedes hoxe teñen que responder de que estean pactando co Partido Popular, vostedes hoxe teñen que

responder de que o Partido Popular sexan os bos e xenerosos, vostedes hoxe teñen que responder de aplicar no Concello de Vigo políticas de dereitas, a política dos recortes sociais, recortes en emprego, iso é do que teñen que responder.

SR. FIGUEROA VILA: Realmente parece como se algúns non quixeran recoñecer o que pasou nesta cidade, eu non o dixen con ningunha maldade, díxeno para que a xente lembrese cando están criticando ao Partido Popular de que se é un partido de dereitas que recorta que non sei que, que non sei canto, e que agora hai un acordo puntual nesta cidade para aprobar os Orzamentos porque é o que estamos facendo, aprobando os Orzamentos e ese é un acordo en base a unha serie de cuestións que necesita a cidade, de proxecto importantes nesta cidade. O único que dixen é que o Partido Popular agora consideraba que tiña que chegar a un acordo para apoiar os orzamentos porque eran bos para esta cidade, porque xeraban emprego, porque se apoiaban as políticas sociais, porque a débeda financeira rebaixábase, facíase o estudo da nova tarifa da auga, había axudas sociais a aluguer, alimentos, había un Plan de Emprego, a creación de axudas a empresas, programas de axudas ao Plan de Emprego, convenio Coworking, programa educativo “Vigo por dentro”, dinamización do comercio, do turismo, iso está todo reflectido nese Orzamento. Pero o importante son os retos do futuro que temos que debater que están incluídos neste Orzamento directa ou indirectamente, que temos que intentar entre todos co AVE chegue canto antes porque iso significa un potencial tremendo para o turismo que é unha das fontes que pode ter esta cidade de ingresos económicos importantes, xunto con toda a reestruturación do naval, os apoios ao naval e intentar que teña contratos porque é importante resolver o tema do tax lease definitivamente. Que a automoción tanto como fai o Goberno Central ou autonómico e agora incluso a Zona Franca poida seguir crescendo, que a depuradora se remate dunha vez, que todos sufrimos as consecuencias dunha depuradora en malas condicións, que o Casto Vello se poida rehabilitar, que se poida rematar o hospital, que o transporte metropolitano se poida levar a cabo, que a Zona Franca e o Porto sexan dúas pezas fundamentais desta cidade, iso é o que queremos dende o Partido Popular e iso é o que imos votar, e ese é o acordo que temos.

Sra. Veloso ese é o acordo de cidade, o acordo por Vigo, onde Vigo se merece isto e

onde os vigueses/as vanse a ver beneficiados. Sobre todo cun tema fundamental, que se rebaixe os impostos que estamos de acordo en que hai que reconducir a fiscalidade, que hai que intentar rebaixar o lixto, o rodaxe, o IBI, e por suposto considerar a maior parte de impostos, si se poden baixar máis, baixar máis e intentar conseguir que as administracións vaian amortizando e teñan débeda cero, que esa é a política que nós queremos, e creo que cada día somos máis os que estamos nesa dirección.

E que quixen dicir con todo isto? Pois que hai dez anos pasou algo nesta cidade importante, vostedes renegan diso e non poden renegar, vostedes déronnos os votos para que tivésemos unha alcaldesa do Partido Popular, e iso é unha verdade e non o poder renegar porque unha moción de confianza como se fixo naquel momento, ao final significou un cambio dun Alcalde do Partido Socialista ao Partido Popular. Iso que quere dicir, e díxenllo o outro día, que nós estamos por riba dos intereses partidistas e partidarios, a cidade ten que estar por riba de todo iso e nós naquel momento consideramos que era bo para a cidade aquel apoio do Bloque Nacionalista Galego e agora consideramos que é bo o apoio que imos prestar á cidade, a Vigo para aprobar estes Orzamentos que creo que poden ser un antes e un despois, nun momento crucial, de crise importante onde temos que ter a responsabilidade suficiente tódolos grupos políticos para entendelo así. Vostedes non o entenden así? Eu respéctoo, pero non o comparto porque vostedes con tres votos foron os que puxeron ao Alcalde aí, e agora o que intentan é asfixiar ao Alcalde, non asfixian ao Alcalde o que asfixian é á cidade, o que intentan é chantaxear ao Alcalde non, intentan chantaxear á cidade porque ao final a repercusión de tódalas súas políticas negativas e do que vostedes están facendo e de non apoiar estes orzamentos, está prexudicando única e exclusivamente á cidade de Vigo. O Partido Popular non quere, quere beneficiar aos intereses xerais desta cidade, para iso estamos traballando en todos estes proxectos, e para iso estamos trasladando ás administracións onde gobernemos que intenten ter un compromiso como teñen coa cidade de Vigo, firme, económico, social e a curto, a medio e longo prazo para a cidade de Vigo.

Iso é o que queremos, o Vigo do futuro, o Vigo dos próximos vinte anos, cinco, dez, quince que se vaian construíndo temas e que non pase como pasou ata agora que o primeiro cinto aínda segue paralizado, que o segundo tardou quince anos, etc.

Queremos que eses proxectos que agora están en marcha que canto antes se poñan en vixencia moito mellor para todos e iso a quen vai a beneficiar? Aos vigueses/as.

SRA. SILVA REGO: Hoxe neste Pleno quedou claro que o Bloque Nacionalista Galego falta á verdade, fan demagogia, viven baixos ás ordes dos seus xefes que non lles deixan votar ao Orzamento máis social de Vigo, que decidiron situarse nunha estratexia política de confrontación total para ver se son capaces de recuperar o espacio político que perderon con AGE e ANOVA, pero equivócanse porque as viguesas/es saben hoxe que vostede van votar en contra do Orzamento máis social da cidade de Vigo. Reclaman aquí rebaixas de impostos e en Pontevedra soben un 1,8%, esixen máis gasto social en Vigo pero en Vigo gástase moito máis en políticas sociais que en Pontevedra, onde goberna o Bloque Nacionalista Galego. Cuestionan as bolsas de inglés pero mandan os seus fillos a estudar a Londres, Irlanda e Estados Unidos porque eles si que poden, si que teñen recursos e votan en contra de que vaian os fillos dos traballadores, votan en contra hoxe das axudas ao transporte, doce millóns de euros, en Pontevedra onde goberna o Bloque Nacionalista Galego, cero euros. Vostedes enganaron, señores do Bloque Nacionalista Galego aos seus votantes.

PRESIDENCIA: Garde silencio que ese partido político non quere que fale, non quere que a voceira elixida democraticamente dos Socialista fale, e é o respecto da democracia dese partido político que está aí ao fondo berrando para que unha representante electa dos cidadáns non fale neste Pleno, ese é o Partido Político que quere rebentar esta cidade que o saiba todo Vigo. Sabemos que son vostedes, convenientemente orientados para facer isto, os que non votaron a Medalla de Ouro da Naval . Non van parar o Pleno, non o van conseguir, nin que insulten, nin que berren, nin que canten, non o van conseguir, non van parar Vigo. Eses tempos, felizmente, xa remataron. Nunca máis rebentarán os Plenos desta cidade. Patético, son patéticos.

SRA. SILVA REGO: Liberdade de expresión é que unha representante lexítima dos cidadáns poida falar, Sr. Alonso, iso é democracia, vostedes enganaron aos seus

votantes porque se comprometeron nas anteriores eleccións a formar un goberno de esquerdas, e non o fixeron os enganaron, Sr. Presidente vou calar ata que non calen.

PRESIDENCIA: Agora xa son outra cousa, agora xa non son un partido político, agora xa cambiaron, pero chegaron tarde, xa os coñecemos.

SRA. SILVA REGO: Señores do Bloque Nacionalista Galego, díganme que partida das que votaron nos anteriores seis orzamentos non está neste, están todas e aumentadas.

Remato cun último gráfico, gasto social do Partido Socialista en Vigo, gasto social do Bloque Nacionalista Galego en Pontevedra, gasto social de Esquerda Unida en Rivas Vaciamadrid que están aí fora berrando igual que vostedes. Os que máis gastamos en política social o Partido Socialista, veno vostedes? Iso é a diferenza entre uns e outros.

Señores do Bloque Nacionalista Galego de verdade, hoxe non estou enfadada, estou triste porque vostedes traizoan á esquerda, a Vigo, as viguesas/es, ao seu compromiso electoral, vostedes hoxe dánme moita tristeza.

VOTACIÓN: Con 24 votos a favor, 3 en contra e ningunha abstención queda aprobado.

PRESIDENCIA: O maior apoio democrático que tiveron nunca uns orzamentos nesta cidade.

VOTACIÓN: Con vintecatro votos a favor dos membros do Grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera,

Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, adoptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Aceptar polos motivos expostos no informe do Interventor Xeral e a proposta, as emendas presentadas, polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. Carlos López Font, números de rexistro da Secretaría do Pleno, 872/1101 e 873/1101.

SEGUNDO: Rexeitar polos motivos expostos no informe do Interventor Xeral, a emenda presentada pola Voceira do Grupo Municipal do BNG, D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos, co número de rexistro da Secretaría do Pleno, 870/1101.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente coa incorporación das emendas aceptadas o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2014, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Instituto Municipal do Deportes.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Escola Municipal de Artes e Oficios.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Coa seguinte clasificación e ordenación dos recursos e empregos:

Proxecto de Orzamento da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado economicamente<sup>3</sup>

Estado de gastos do Orzamento			Estado de ingresos do Orzamento		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidado
I	58.906.358,70	67.151.826,18	I	102.241.340,00	102.241.340,00

<sup>3</sup> Os axustes nos estados consolidados afectan ás operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai aos OO.AA, e os ingresos que éstes fan á Entidade. Ase mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

II	107.054.515,49	114.289.661,15	II	6.501.120,00	6.501.120,00
III	1.063.719,00	1.063.749,00	III	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	39.253.678,62	26.036.072,56	IV	71.116.818,09	69.495.611,58
V	200.000,00	200.000,00	V	3.180.000,00	3.237.323,17
<b>TOTAL G.Co.Op.NF</b>	<b>206.478.271,81</b>	<b>208.741.308,89</b>	<b>TOTAL I.Co.Op.NF</b>	<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VI	10.846.071,96	11.331.016,22	VI		
VII	965.056,26	546.133,42	VII	,00	,00
<b>TOTAL G.Cp.Op.NF</b>	<b>11.811.128,22</b>	<b>11.877.149,64</b>	<b>TOTAL I.Cp.ONF</b>	<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>TOTAL G.Op.NF</b>	<b>218.289.400,03</b>	<b>220.618.458,53</b>	<b>TOTAL I.Op.NF</b>	<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VIII	601.000,00	671.040,48	VIII	600.000,00	670.040,48
IX	6.800.355,46	6.800.355,46	IX	6.800.000,00	6.800.000,00
<b>TOTAL G.Op.Cp.F</b>	<b>7.401.355,46</b>	<b>7.471.395,94</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.F</b>	<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>TOTAL G.Op.Cp.</b>	<b>19.212.483,68</b>	<b>19.348.545,58</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.</b>	<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>T.XERAL GASTOS</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,47</b>	<b>T.XERAL INGRESO</b>	<b>225.690.755,49</b>	<b>228.166.983,09</b>

### Orzamentos por áreas de Gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	7.852.074,46	7.852.074,46
1	115.834.764,14	115.501.193,08
2	19.135.266,68	19.135.266,68
3	33.965.239,56	36.697.909,60
4	15.381.029,28	15.381.029,28
9	33.522.381,37	33.522.381,37
Total	<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,47</b>

### Orzamento dos Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.650.400,00		3.700.082,98		991.389,50		903.595,00	



<b>II</b>	5.220.881,16		1.201.363,98		244.448,88		568.451,64	
<b>III</b>		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	30,00	350.024,64
<b>IV</b>	29.164,52	5.564.152,62	1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	14.800,00	1.144.181,64
<b>V</b>		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
<b>VI</b>	60.000,00		378.251,42		18.922,84		27.770,00	
<b>VII</b>	,00	60.000,00		340.000,00	,00	18.922,84	,00	
<b>VIII</b>	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	9.000,00	9.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>7.984.486,16</b>	<b>8.061.614,78</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>1.266.761,22</b>	<b>1.266.761,22</b>	<b>1.523.646,64</b>	<b>1.523.646,64</b>

**CUARTO:** Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e aos seus Organismos Autónomos, coa excepción das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

**QUINTO:** Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

**SEXTO:** Aprobar o cadro de persoal e plantilla da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no parágrafo a).

**SÉTIMO:** Someter o expediente aos requisitos de publicidade e exposición pública que regula o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**OITAVO:** O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no parágrafo 3 do artigo 169 do TRLRFL. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resoven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

**NOVENO:** En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/90, o Orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2014, terá os seus efectos dende o un de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

**DÉCIMO:** Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ao interese xeral.

**UNDÉCIMO:** Se unha norma con rango de Lei, alterase as contías nas entregas a conta para o ano 2014, procederase a facer os axustes para facer fronte aos cambios introducidos polo devandito corpo legal se estas tivesen unha repercusión negativa.

**2(74).- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E ANÁLISE DE CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO. EXPTE. 102338/140 (874/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 3 de abril de 2014, o interventor xeral do Concello informa do seguinte:

“1.-INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. ORZAMENTO ANO 2014

Legislación aplicable

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.
- Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.
- Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda
- Guía para a determinación da Regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012, Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para corporacións locais, 2ª edición, editada polo Ministerio de Facenda e AA.PP; Intervención Xeral da Administración do Estado.
- Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades

Informe

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de

Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF), e no Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Con data 26 de decembro de 2013, emitiuse informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria sobre a prórroga do Orzamento, da que se deu conta ao Pleno da Corporación na Sesión Ordinaria do mes de xaneiro.

#### Ámbito subxectivo de aplicación

O Artigo 2 da LOEOeSF establece o ámbito de aplicación subxectivo da precitada norma:

- a) A Administración Central, que comprende o Estado e os organismos da Administración Central.
- b) As entidades que integran o sistema da Seguridade Social.
- b) As Comunidades Autónomas.
- d) As Corporacións locais.

O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público vinculados ou dependentes da Administración do Estado, das Administracións das comunidades autónomas ou das entidades locais e non comprendidos no apartado anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto no título I da LOEOeSF e ás normas que especificamente se refiran a estas.

O artigo 4 incorpora o principio de sustentabilidade financeira. Con independencia do contido do artigo 4 e 7 da Lei Orgánica de Estabilidade, o concepto de estabilidade ven definido nos artigos 32 a 36 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sustentable.

O Artigo 11 da LOEOeSF e o art. 5 do RD 1463/2007, delimitan a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria das entidades locais.

De entre as entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido no artigo 111 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Nacional de Administración Local, por proposta das asociacións das Entidades Locais representadas nela, establecerá cada ano aquelas que, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. En caso de non se recibir proposta na Comisión Nacional de Administración Local (CNAL), as entidades ás que se refire este apartado determinaranse polo Goberno.

O resto das entidades locais, no ámbito das súas competencias, axustarán os seus Orzamentos ao principio de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95)

aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.

#### Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria

O artigo 15 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, considera que se entenderá cumprido o obxectivo de estabilidade cando os orzamentos iniciais ou, no seu caso, modificados, e as liquidacións orzamentarias dos suxeitos comprendidos no artigo 4.1 do regulamento, alcancen, unha vez consolidados, e en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo individual establecido para cada unha das entidades locais ás que se refire artigo 5 ou o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades locais, sen prexuízo do disposto, no seu caso, nos plans económico-financeiros aprobados en vigor.

O indicado no parágrafo anterior será igualmente aplicable aos supostos nos que, conforme ao artigo 169.6 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se considere prorrogado o orzamento do exercicio anterior.

En relación ás restantes entidades ás que se refire o artigo 4.2 do regulamento, entenderase cumprido o obxectivo de estabilidade cando, individualmente consideradas, aproben, executen e liquiden os seus respectivos orzamentos ou aproben as súas respectivas contas de perdas e ganancias en situación de equilibrio financeiro.

#### Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade

O artigo 16 do precitado Real Decreto, establece en canto ao orzamento inicial e, se é o caso, as súas modificacións, a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade corresponderá á Intervención local, nos mesmos termos previstos no apartado seguinte.

Nas restantes entidades locais, a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as súas modificacións e a súa liquidación.

Detallarase no informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

A Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece tres tipos de restricións á actuación das AAPP: non poderán alcanzar un saldo público deficitario en termos estruturais, o crecemento do gasto público deberá ser como máximo o do

crecemento potencial nominal da economía e o cociente de débeda pública sobre PIB non poderá superar o 60 %.

Para dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LO 2/2012) e no RD 1463/2007, determináronse os obxectivos de estabilidade para as distintas Administracións Públicas, en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95), para o período 2014-2016, sendo o obxectivo para os Entes Locais o de obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado do indicador de capacidade (+) e o de necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0 en cada anualidade do período.

En virtude do anterior, o Consello de Ministros, na súa reunión do día 28 de xuño de 2013, fixou os obxectivos que dan cumprimento á senda de redución do déficit prevista na Recomendación do ECOFIN do pasado 21 de xuño e así mesmo garanten o disposto na Disposición Transitoria primeira da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

OBXECTIVO	ANOS		
	2014	2015	2016
Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (Estabilidade)	0,0%	0,0%	0,0%
Débeda Pública para o Conxunto de Entidades Locais	4,00%	4,00%	3,90%
Débeda Pública avaliada de xeito individual (endebedamento)	75%	75%	75%
Taxa de referencia (para o cálculo do gasto non financeiro)	1,50%	1,7%	1,90%

A primeira consecuencia é a necesidade de valoración do obxectivo de cumprimento da estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento, e a segunda, é que o informe de valoración dese obxectivo lle corresponde ao Interventor Local.

A tal fin, elabórase o cálculo tendo en conta o Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda (Intervención Xeral da Administración do Estado), 1ª edición.

#### Unidade Institucional

Da información dispoñible nesta Intervención Xeral forman parte da “Unidade Institucional” ou grupo de consolidación Concello de Vigo:

- Entidade Local, entidade matriz.

- Instituto Municipal dos Deportes (IMD).
- Parque das Ciencias Vigo Zoo (VIGOZOO).
- Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).
- Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Por conseguinte, todos os entes que conforman a “Unidade Institucional” ou grupo local Concello de Vigo, encádranse dentro da categoría que denominamos como “entes de non mercado”.

En consecuencia co precedente, procédese ao cálculo, tendo en conta que non procede a realización de ningún axuste. O devandito Manual, establece que a capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas non se verá afectada polos importes dos impostos cuxa recadación sexa incerta.

Os capítulos I, II e III rexistraranse tendo en conta o principio de caixa, é dicir, cando se recadan, polo tanto o axuste viría determinado pola diferenza entre o dereito recoñecido e o cobro, tanto de exercicio corrente como de pechados.

Neste caso non afecta, non procedería axuste na aprobación do orzamento senón na liquidación. A previsión entre a recadación de exercicio corrente e de pechados, sexa pola contía do inicialmente orzamentado, aínda que é previsto, tendo en conta as liquidacións feitas o o histórico, que as mesmas sexan superiores que as contías que figuran no orzamento.

Tendo en conta a recadación neta dos últimos anos do orzamento anual e engadindo sobre a mesma a recadación de pechados, o resultado sempre é maior cas previsións iniciais do orzamento que se aproba.

Tampouco procede axuste algún nas entregas a conta no Fondo Complementario e nos impostos cedidos pola Administración Xeral do Estado, xa que os ingresos previstos son, tendo en conta a información manexada, os oficialmente notificados polo Ministerio de Facenda, procederá o axuste se fose o caso na liquidación do orzamento do ano 2014.

De non producirse o ingreso do mes de decembro, faríase no seu caso o axuste, computando o ingreso dos primeiros días de xaneiro como de maior déficit, por corresponder cos datos da Contabilidade Nacional do ano anterior, e por contra, contabilizaríase o do mes de decembro que se ingrese no mes de xaneiro do ano seguinte, como de maior superávit, por estar contabilizado na Contabilidade Nacional.

Non hai axustes pola desviación que se puidese producir entre os gastos financeiros devengados e non vencidos, xa que as dotacións fixéronse tendo en conta os contratos vixentes, facéndose a liquidación por trimestres naturais. Os contratos asínanse tendo en conta a liquidación de xuros por trimestres naturais, coa excepción do primeiro trimestre na que se formaliza o contrato, que se liquidará polo prazo que medie entre a sinatura e os días que falta para rematar o trimestre natural, polo que en ningún caso hai xuros devengados e non vencidos, están todos vencidos e imputados ao orzamento en cada ano.

Non procede facer a análise da aplicación flexible do principio de estabilidade orzamentaria, xa que esta non está prevista para o período 2014-2016, onde se obriga

a un equilibrio ou superávit.

En resumo, aos efectos do informe, tendo en conta que a fase na que se está avaliando o cumprimento do obxectivo de estabilidade é a correspondente á aprobación dos Orzamentos Xerais do Concello para o ano 2014, o obxectivo é o equilibrio, isto é, “déficit cero”, computado en termos de capacidade de financiamento de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

En data 26 de decembro de 2013, avalíouse o cumprimento do obxectivo de estabilidade sobre a prórroga orzamentaria, que estará vixente ata a aprobación definitiva do orzamento do ano 2014.

A información e datos que se van a reflectir, está estruturada por capítulos de gasto e ingresos, tanto para a entidade Local como para os seus Organismos Autónomos.

A mesma estrutura aplícase aos estados consolidados.

En canto aos axustes que se aplican aos estados consolidados, tamén se amosa un cadro cos mesmos, detallando en cada caso, a contía que afecta a cada Organismo Autónomo e a Entidade Local.

Reflictese nun cadro único, o superávit ou déficit se fose o caso, tanto para as operacións non financeiras como para as financeiras, a información da Entidade Local e para cada un dos Organismos Autónomos, así mesmo, tamén se amosa o resultado dos estados consolidados sen axustes de consolidación e por último, unha vez deducidos os axustes de consolidación, amósase o resultado dos estados consolidados cos axustes.

Tamén se incorpora un cadro resumo para a Entidade Local e os estados consolidados. Coa mesma información, se incorpora un cadro coa mesma estrutura para todos os organismos Autónomos.

Coa información e detalle que se recollen os datos neste informe, posibilita que se poida avaliar con obxectividade o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

#### Entidade Matriz e estados consolidados

##### Empregos

<i>Capítulo</i>	<i>Descrición</i>	<i>Empregos</i>	
		<i>Entidade Local</i>	<i>Estados Consolidados</i>
<i>Operacións correntes</i>			
<i>I</i>	<i>Gastos de persoal</i>	58.906.358,70	67.151.826,18
<i>II</i>	<i>Gastos correntes en bens e servizos</i>	107.182.711,49	114.417.857,15
<i>III</i>	<i>Gastos financeiros</i>	1.063.719,00	1.063.749,00

IV	Transferencias correntes	39.125.482,62	25.907.876,56
V	Fondo de Continxencia	200.000,00	200.000,00
<b>Total empregos por operacións Correntes non financeiras</b>		<b>206.478.271,81</b>	<b>208.741.308,89</b>
<b>Operacións de capital</b>			
VI	Investimentos reais	10.846.071,96	11.331.016,22
VII	Transferencias de capital	965.056,26	546.133,42
<b>Total empregos por operacións de capital non financeiras</b>		<b>11.811.128,22</b>	<b>11.877.149,64</b>
<b>Total empregos por operacións non financeiras</b>		<b>218.289.400,03</b>	<b>220.618.458,53</b>
VIII	Activos financeiros	601.000,00	671040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.355,46	6.800.355,94
<b>Total empregos por operacións de capital financeiras</b>		<b>7.401.355,46</b>	<b>7.471.396,42</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>		<b>19.212.483,68</b>	<b>19.348.546,06</b>
<b>TOTAL XERAL GASTOS</b>		<b>225.690.755,49</b>	<b>228.089.854,95</b>

Cadro de axustes para a obtención dos estados consolidados, a deducir

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
<b>Entidade Local</b>	13.257.406,06	418.922,84	1.681.230,51	
<b>OA. X.M.U.</b>	1.652.065,99		5.323.269,44	340.000,00
<b>OA. IMD</b>	29.164,52		5.564.128,62	60.000,00
<b>OA. EMAO</b>			1.225.826,36	18.922,84
<b>OA. VIGO ZOO</b>			1.144.181,64	
<b>Total</b>	<b>14.938.636,57</b>	<b>418.922,84</b>	<b>14.938.636,57</b>	<b>418.922,84</b>

Os axustes que afectan á Consolidación, correspóndense cos artigos 40, 41, 70 e 71 da Orde de Economía e Facenda 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

Recursos



<i>Capítulo</i>	<i>Descripción</i>	<i>Recursos</i>
-----------------	--------------------	-----------------

<b>Operações correntes</b>			
		<b>Entidade Local</b>	<b>Estados Consolidados</b>
I	Impostos Directos	102.241.340,00	102.241.340,00
II	Impostos Indirectos	6.501.120,00	6.501.120,00
III	Taxas, Prezos públicos e outros ingresos	35.251.477,40	39.221.547,86
IV	Transferencias correntes	71.116.818,09	69.495.611,58
V	Ingresos Patrimoniais	3.180.000,00	3.237.323,17
<b>Total Recursos por operações Correntes non financeiras</b>		<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
<b>Operações de capital</b>			
VII	Transferencias de capital	,00	,00
<b>Total Recursos por operações de capital non financeiras</b>		<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>Total ingresos por operações non financeiras</b>		<b>218.290.755,49</b>	<b>220.696.942,61</b>
VIII	Activos financeiros	600.000,00	670.040,48
IX	Pasivos financeiros	6.800.000,00	6.800.000,00
<b>Total Recursos por operações de capital financeiras</b>		<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>Total Operações de Capital</b>		<b>7.400.000,00</b>	<b>7.470.040,48</b>
<b>TOTAL XERAL INGRESOS</b>		<b>225.690.755,49</b>	<b>228.166.983,09</b>

### Resumo entidade matriz e estados consolidados

<b>Recursos e empregos</b>	<b>Entidade</b>	<b>Consolidados</b>
Recursos non financeiros	218.290.755,49	220.696.942,61
Empregos non financeiros	-218.289.400,03	-220.618.458,53
<b>Capacidade de financiamento (+), Saldo non financeiro</b>	<b>1.355,46</b>	<b>78.484,08</b>
Recursos financeiros	7.400.000,00	7.470.040,48
Empregos financeiros	-7.401.355,46	-7.471.396,42
<b>Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro</b>	<b>-1.355,46</b>	<b>-1.355,94</b>

( $\Sigma$  Recadación capítulos I a VII -  $\Sigma$  de obrigas recoñecidas capítulos I a VII  $\geq 0$ ).

Tanto a entidade matriz como os estados consolidados cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, xa que a diferenza entre os recursos non financeiros e os empregos non financeiros é positiva (capacidade de financiamento). En canto ás operacións financeiras, prodúcese unha amortización de pasivos financeiros maior ca concertación de pasivos que se fan no ano.

### Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia M. de Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos	Empregos	Recursos
<b>Recursos e empregos non financeiros</b>								
<b>I</b>	-2.650.400,00		-3.700.082,98		-991.389,50		-903.595,00	
<b>II</b>	-5.220.881,16		-1.201.363,98		-244.448,88		-568.451,64	
<b>III</b>		2.403.421,68		1.216.624,14	,00	,00	-30,00	350.024,64
<b>IV</b>	-29.164,52	5.564.152,62	-1.677.065,99	5.383.269,44	,00	1.225.826,36	-14.800,00	1.144.181,64
<b>V</b>		10.000,00	,00	16.870,79	,00	10.012,02	,00	20.440,36
<b>VI</b>	-60.000,00	60.000,00	-378.251,42		-18.922,84		-27.770,00	
<b>VII</b>	,00			340.000,00	,00	18.922,84	,00	
<b>Rec./ Emp.N.F</b>	-7.960.445,68	8.037.574,30	-6.956.764,37	6.956.764,37	-1.254.761,22	1.254.761,22	1.514.646,64	1.514.646,64
<b>Capacidade (+)</b>		77.128,62		,00		,00		,00
<b>Necesidade (-)</b>		,00		,00		,00		,00
<b>Recursos e empregos financeiros</b>								
<b>VIII</b>	-24.040,48	24.040,48	-25.000,00	25.000,00	-12.000,00	12.000,00	-9.000,00	9.000,00
<b>Rec./Emp.F</b>	-24.040,48	24.040,48	-25.000,00	25.000,00	-12.000,00	12.000,00	-9.000,00	9.000,00
<b>Capacidade</b>	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00

(+)								
<b>Necesidade (-)</b>	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00	,00

## Resumo Organismos Autónomos

<i>Recursos e empregos N.F</i>	<i>IMD</i>	<i>XMU</i>	<i>EMAO</i>	<i>P.C.Vigo Zoo</i>
<i>Recursos non financeiros</i>	8.037.574,30	6.956.764,37	1.254.761,22	1.514.646,64
<i>Empregos non financeiros</i>	-7.960.445,68	-6.956.764,37	-1.254.761,22	-1.514.646,64
<b>Capacidade financiamento (+), Saldo non financeiro</b>	77.128,62	,00	,00	,00
<i>Recursos financeiros</i>	24.040,48	25.000,00	12.000,00	9.000,00
<i>Empregos financeiros</i>	-24.040,48	-25.000,00	-12.000,00	-9.000,00
<b>Necesidade de financiamento (-), Saldo financeiro</b>	,00	,00	,00	,00

Os organismos que dependen da entidade local están en equilibrio.

Coa excepción do Instituto Municipal dos Deportes, os restantes Organismos Autónomos están en equilibrio, tanto no saldo non financeiro como no financeiro.

O Instituto Municipal dos Deportes, ten un superávit que ven determinado pola achega adicional que fai o Concello para facer fronte ao remanente de Tesourería negativo correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2012. Se consideramos que esa achega ven determinada pola obriga que impón o artigo 193 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de aí, que haxa que entender, que a totalidade dos Organismos Autónomos están en equilibrio.

Por último, e xa como un resumo da situación e do cumprimento do obxectivo de estabilidade, no cadro seguinte móstrase conxuntamente a entidade local e os seus organismo autónomos así como os estados consolidados. Todos os entes que conforman o sector público local, están en equilibrio ou en superávit.

## Cadro resumo de capacidades e necesidades de financiamento

<i>Organismo</i>	<i>Gastos</i>		<i>Ingresos</i>		<i>Capacidade</i>	
	<i>Cap. I-VII. GNF</i>	<i>Cap. VIII-IX GF</i>	<i>Cap. I-VII. INF</i>	<i>Cap. VIII-IX IF</i>	<i>INF-GNF</i>	<i>IF-GF</i>
<b>Entidade Local</b>	218.289.400,03	7.401.355,46	218.290.755,49	7.400.000,00	1.355,46	-1.355,46
<b>OA. X.M.U.</b>	6.956.764,37	25.000,00	6.956.764,37	25.000,00	,00	,00

<b>OA. IMD</b>	7.960.445,68	24.040,48	8.037.574,30	24.040,48	77.128,62	,00
<b>OA. EMAO</b>	1.254.761,22	12.000,00	1.254.761,22	12.000,00	,00	,00
<b>OA. VIGO ZOO</b>	1.514.646,64	9.000,00	1.514.646,64	9.000,00	,00	,00
<b>E. Consolidados/s.axuste</b>	235.976.017,94	7.471.395,94	236.054.502,02	7.470.040,48	78.484,08	-1.355,46
<b>Axustes de consolidación</b>	-15.357.559,41	,00	-15.357.559,41	,00		
<b>E. Consolidados/c.axuste</b>	220.618.458,53	7.471.395,94	220.696.942,61	7.470.040,48	78.484,08	-1.355,46

Dáse cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria. A entidade Local está en superávit, os estados consolidados están en superávit, o Instituto Municipal dos Deportes está en superávit, e os demais Organismos Autónomos, están en equilibrio

A vista dos datos que conforman o Orzamento do ano 2014 da entidade matriz, os estados consolidados, os Organismos Autónomos Administrativos, e en resumo, a unidade institucional, dáse cumprimento aos requirimentos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOeSF) e do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, sendo o sumatorio dos capítulos I a VII do estado de ingresos igual ou superior que a suma dos capítulos I a VII do estado de gastos, polo tanto os orzamentos están en equilibrio ou en superávit, existindo capacidades (+) de financiamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.

#### Sustentabilidade financeira

##### Amortización ordinaria de débeda e intereses 2014-2016

Pte. 2013	2014		Pte. 2014	2015		Pte. 2015	2016		Pte.2016
	Amortización	Intereses		Amortización	Intereses		Amortización	Intereses	
38.956.509,87	6.800.355,46	1.051.719,00	38.956.154,40	7.016.355,46	1.390.250,47	31.480.798,94	5.965.965,21	1.213.289,28	31.414.833,73

##### Ratio Débeda Viva/Ingresos correntes liquidados

Estase a partir da liquidación do ano 2013, esta ratio, estará en función da liquidación de cada ano e si se producen amortizacións extraordinarias, tamén se vería modificado.

2013			2014			2015			2016		
Ingresos	Débeda	Ratio	Ingresos	Débeda	Ratio	Ingresos	Débeda	Ratio	Ingresos	Débeda	Ratio

231.127.549,39	38.956.509,87	16,86	233.529.563,90	38.956.154,40	16,68	235.864.859,50	31.480.798,90	13,35	238.223.508,10	31.414.833,73	13,19
----------------	---------------	-------	----------------	---------------	-------	----------------	---------------	-------	----------------	---------------	-------

Tamén se está a a cumprir a sustentabilidade financeira.

Na análise efectuada sobre o orzamento da Entidade Local, sobre os Organismos Autónomos Administrativos e sobre a grupo consolidado, a situación é de superávit e de sustentabilidade financeira, polo tanto, non sería necesario por en coñecemento da Consellería de Facenda o contido do devandito informe. No entanto, como ven sendo habitual, o informe elaborado, con independencia do seu signo, superávit, déficit ou equilibrio, ven sendo posto en coñecemento do Pleno da Corporación e da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira da Consellería de Facenda dá Xunta da Galicia, por corresponder á Comunidade Autónoma, conforme ao establecido no artigo 49.1 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a tutela financeira das entidades locais da comunidade, no prazo de 15 días hábiles, a contar desde o coñecemento polo Pleno da Corporación do presente informe.

## 2.- ANÁLISE DE CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

### ORZAMENTO ANO 2014: CONCELLO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS.

#### Lexislación aplicable

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.
- Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95) aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello da Unión Europea, de 25 de xuño de 1996.
- Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Entidades Locais editado polo Ministerio de Economía e Facenda. IGAE
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEOeSF para as Corporacións Locais, 2ª edición. IGAE

#### Cumprimento da Regra de gasto e Teito de Gasto

En cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, LOEOeSF, e o desenvolvemento que está a facer a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro e notas publicadas polo Minhap, deberase dar a seguinte equivalencia entre os saldos da Liquidación do Orzamento do ano 2013 e o Orzamento do ano 2014.

A evolución do gasto non financeiro ten que estar dentro dos límites previstos no artigo 12 e 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e

Sustentabilidade Financeira. Para o ano 2014, o crecemento do Gasto non financeiro, non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. A devandita taxa (TRCPIB) en relación co ano 2013 é do 1,5 por 100.

O Alcalde-Presidente, por Resolución do 25 de setembro de 2013 e 10 de marzo de 2014, en cumprimento do previsto no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, aprobou e remitiu ao MINHAP os marcos orzamentarios para os períodos 2014-2016 e 2015-2017, dando así cumprimento ao previsto no artigo 27 apartado 2 da LOEOeSF.

Os axustes tamén figuran recollidos na táboa que figura neste epígrafe. Unha vez establecida a base de cálculo, os datos e a proxección é a seguinte:

Límite:

$$G.C.LIQUIDACIÓN2013 \times TRCIB2014 + VP2014 \geq GC ORZAMENTO2014$$

Liquidación máxima por aplicación da Regra de Gasto, Liqui. 2012x1,017 + 1.491.286,62 = 198.046.654,5 euros  $\geq$  Liquidación de gasto computable 2013.

Liquidación ano 2013 aos efectos da Regra de gasto, 196.841.123,57 euros.

Orzamento de gasto computable 2014, Liqui 2013xTRCPIB2014 + VP2014.

$$TRCPIB 2014 = 1,5\%$$

$$VP 2014 = 0$$

Gasto máximo computable Orzamento 2014, Liquidación 2013x1,015 = 199.793.740,4 euros

No orzamento está recollido unha dotación para o Fondo de Continxencia, que se regula na Base 5ª bis das de Execución do Orzamento, e dotado na aplicación orzamentaria 9290.5000000.

A creación deste Fondo, que é de dotación obrigatoria, é a variación cuantitativa, xuntamente cos axústes da subvención ao transporte, son as variacións que presenta o proxecto dos orzamentos do ano 2014 en relación cos marcos orzamentarios remitidos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para o período 2014-2016.

Non hai variacións en relación co marco orzamentario do período 2015-2017, aínda que, nos marcos orzamentarios, estase a avaliar a situación de liquidación de obrigas, polo que, non hai unha coincidencia entre este estado que conforma o orzamento e a futura liquidación, que terá que recoller todas as obrigas que xere a execución da incorporación de remanentes e as que se devenguen da execución da modificación orzamentaria do superávit SEC-95 da Liquidación do orzamento do ano 2012.

Entidade local

Concepto	Liquidac. 2012	P. aprobado 2013	Liquidación 2013	Presuposto 2014	Límite do Teito
Capítulos I a VII, menos gastos financeiros débeda	212.843.043,08	214.096.789,68	211.983.261,76	217.237.681,43	
+ operacións pendentes de aplicar ao orzamento	2.501.686,25		4.265.995,34		
Empregos non financeiros SEC	215.344.729,33	214.096.789,48	216.249.257,10	217.237.681,43	
-Transferencias a OO.AA	-16.208.089,88	-14.187.614,16	-14.023.792,19	-13.676.328,90	
-Gasto financiado con fondos finalistas	-5.866.857,87	-3.922.203,04	-5.384.341,58	-3.918.556,13	
UE, ingresos	-55.313,04		-467.377,40		
Estado, ingresos	-1.990.071,85	-1.131.133,42	-1.498.078,63	-1.322.514,76	
CA, ingresos	-3.288.490,98	-2.250.000,00	-2.854.259,29	-2.054.971,85	
Deputación Pontevedra			-17.936,06		
Outras Administracións, transferencias, pagamento.	-532.982,00	-541.069,62	-546.690,20	-541.069,52	
<b>Total</b>	<b>193.269.781,58</b>	<b>195.986.972,28</b>	<b>196.841.123,33</b>	<b>199.642.796,40</b>	<b>199.793.740,40</b>

Os axustes da Administración do Estado, está a deducir o gasto executado equivalente á subvención ao transporte urbano colectivo e a transferencia ao CZFV polo convenio asinado en relación ao Pazo de Congressos Mar de Vigo.

En canto ás da Comunidade Autónoma, as deducións son as do Plan Concertado, convenio drogodependencia.

A de outras administracións, son as transferencias de financiamento que se fan a Mancomunidade Intermunicipal de Vigo e a Entidade Menor de Bembrive.

### Estados consolidados

Concepto	Liqui. 2012	TRCPIB	Δ/▼, art.12.4	Límite liqui.2013	P. aprobado 2013	Liqu. 2013	Presuposto 2014	Límite do Teito P
Entidade	193.269.781,58	196.555.367,87	1.491.286,62	198.046.654,50	214.096.789,68	196.841.123,33	217.237.681,43	199.793.740,40
IMD	7.252.364,05	7.375.654,24		7.375.654,24	8.037.574,30	7.570.591,06	7.960.445,68	7.851.689,05
Vigo Zoo	1.422.317,65	1.446.497,05	,00	1.446.497,05	1.505.616,64	1.393.647,24	1.514.646,64	1.414.551,95
EMAO	1.105.202,14	1.123.990,58		1.123.990,58	1.319.261,22	1.173.456,04	1.254.761,22	1.140.850,44
XMU	4.708.999,16	4.789.052,15		4.789.052,15	6.956.764,37	5.342.769,83	6.956.764,37	4.860.887,93
Inexecucións		,00	,00	,00	-471.105,00		-372.840,00	
Tranf. a OAAA					-14.187.614,16		-13.676.328,90	
Transfe. a entidade					-1.681.230,51		-1.681.230,51	
Ax. F. Finalista					-3.982.203,04		-3.918.556,13	



Total	207.758.664,58	211.290.561,89	1.491.286,62	212.781.848,52	211.593.853,50	212.321.587,50	215.275.343,80	215.506.411,30
-------	----------------	----------------	--------------	----------------	----------------	----------------	----------------	----------------

$$\text{Variación} = ((GCONF2014 / GCLONF2013) - 1) \times 100 \leq 1,5$$

Gasto computable da Liquidación axustada do ano 2013 → 212.321.587,50 euros

TRCIPB 1,5% 212.321.587,50 x 1,015 = 215.506.411,30 euros.

Variacións permanentes → 0 euros, conxelación impositiva

Máximo legal do Orzamento consolidado do ano 2013 215.506.411,30 euros

Contía do orzamento de gasto computable SEC-95, 2014 → 215.275.343,80 euros

$$((215.275.343,80 / 212.321.587,50) - 1) \times 100 = 1,39\% \leftrightarrow < 1,5\%$$

A variación do orzamento para o ano 2014 é menor co previsto como máximo.

Gastos financeiros que se deducen na suma dos capítulos do I ao VII do estado de gastos.

Entidade local	Gastos financeiros previstos débeda	Contía
Subtotal	Préstamos concertados	1.051.719,00

#### Detalle dos axustes

Administración	Concepto	Capítulos			
		II	III	IV	VII
Administración Central	Subvención Transporte Urbano			1.041.381,34	
	CZFY, Cov. Pazo de Congressos				281.133,42
Administración Autonómica	Financiamento Plan Concertado	1.504.971,85			
	Financiamento P.Drogodependencia	550.000,00			
Outras Administracións	Transf. a MAIV e E.M.Bembrive			541.069,52	
Subtotal		2.054.971,85		1.582.450,86	281.133,42
Total					3.918.556,13

Para determinar a contía máxima do orzamento do ano 2014 por operacións non financeiras, estase a partir da liquidación do gasto non financeiro axustado do ano 2013. Sobre a mesma, aplícase a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior

Bruto de medio prazo para a economía Española, fixado en termos porcentuais no 1,5 para o ano 2014, no 1,7 para o ano 2015 e no 1,9 para o ano 2016.

O límite da Liquidación do ano 2013, está a ter como orixe, a Liquidación do ano 2012, sobre a que se aplica a TRCPIB para o ano 2013, que estaba fixada no 1,7 por 100, sobre a mesma, se acumulan as variacións oficiais das ordenanzas para o ano 2013 (VP), que tiveron unha repercusión de 1.491.286,62 euros.

Ao ser menor a Liquidación do gasto computable do ano 2013 co teito de gasto legal do ano 2014, unha vez feitos os cálculos, o resultado móstrase nas táboas anteriores, queda unha marxe de 150.944 euros na Entidade Local (GC. Orzamento 2014 - Liquidación ano 2013 x TRCPIB), e 231.067,50 euros nos estados consolidados-, sendo estes últimos estados os de referencia para o cálculo do teito de gasto-, para recoñecer obrigas por modificacións orzamentarias, incluída a incorporación de remanentes que se faga ao orzamento do ano 2014 unha vez aprobado.

Se por causas excepcionais se superase o límite máximo de gasto, habería que facer os axustes necesarios para non exceder o teito máximo, sen que elo teña que supoñer unha transferencia de obrigas do ano 2014 ao orzamento do 2015, senón que se tratarán de axustes de gastos que teñan a cualificación de voluntario, o cal posibilite non incorrer no recoñecemento de máis obrigas. O teito de gasto para a Liquidación consolidada do ano 2014 é de 215.506.411,3 euros.

O Orzamento da Entidade e os estados consolidados, están a dar cumprimento a Regra de Gasto, respectando o teito orzamentario previsto para o ano 2014 a partir da liquidación definitiva do ano 2013.

Os Organismos Autónomos teñen que estar a executar os seus orzamentos dando cumprimento a Regra de Gasto, de non estar ao seu cumprimento, a execución do orzamento da Entidade, terá que ser por unha contía inferior a seu límite, que queda establecido en 199.793.740,40 euros.

O Orzamento da Entidade e os estados consolidados, están a dar cumprimento a Regra de Gasto, respectando o teito orzamentario previsto para o ano 2014 a partir da Liquidación definitiva dos Orzamentos do ano 2013.

A Liquidación do Orzamento do ano 2013, que é por unha contía de 212.321.587,50 euros, será a base de cálculo para a Liquidación do ano 2014, que terá unha TRCPIB do 1,5%, polo que, a Liquidación do gasto computable no ano 2014, non será superior a 215.506.411,30 euros.

A planificación na execución do Orzamento da Entidade Local e do perímetro de consolidación, terá que ir na senda deste obxectivo.

En consecuencia, sen prexuízo da información que xa consta no informe do Orzamento do ano 2014 asinado con data tres de abril de 2014, incorpórase ao expediente 102338/140, correspondente ao informe sobre o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, este informe sobre o cumprimento da Regra de Gasto.

En resumo, o proxecto de Orzamento da Entidade Local e dos seus Organismos Autónomos que conforman o perímetro de consolidación, da cumprimento ao previsto no artigo 12 da LOEOfSF.”

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, na súa

sesión do 22 de abril, quedou informada de ditos informes.

*Do anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.